

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2021-2022

4º-5º  
Educación  
Infantil

Diana M<sup>a</sup> Sánchez Sánchez

CPI PONTECARREIRA  
FRADES





## ÍNDICE

- ⇒ Calendario escolar.
- ⇒ Contextualización.
- ⇒ Horario da aula.
- ⇒ Obxectivos da aula.
- ⇒ Obxectivos e contidos:
  - Xerais
  - Lectoescritura
- ⇒ Competencias básicas.
- ⇒ Proxectos.
- ⇒ Temporalización.
- ⇒ Período de adaptación e acollida.
- ⇒ Actividades, rutinas e actividades complementarias e extraescolares.
- ⇒ Metodoloxía:
  - Principios metodolóxicos
  - Organización dos espazos e do tempo
- ⇒ Materiais e recursos
- ⇒ Medidas de atención á diversidade.
- ⇒ Avaliación. Procedementos, instrumentos e criterios.
- ⇒ Plan das Tecnoloxías da Información e Comunicación.
- ⇒ Plan de Convivencia.
- ⇒ Educación en valores.



## Calendario escolar 2021/2022

Setembro (15/11 lectivos)						
L	M	Me	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

Outubro (19 lectivos)						
L	M	Me	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

Novembro (21 lectivos)						
L	M	Me	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30					

Decembro (13 lectivos)						
L	M	Me	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

Xaneiro (16 lectivos)						
L	M	Me	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31						

Febreiro (19 lectivos)						
L	M	Me	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

Marzo (16 + 4 lectivos)						
L	M	Me	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

Abril (15 lectivos)						
L	M	Me	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

Maio (21 lectivos)						
L	M	Me	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

Xuño (16 lectivos)						
L	M	Me	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

	<b>Inicio do curso EI e EP.</b>
	<b>Inicio do curso ESO.</b>
	<b>Vacacións: Nadal: do 22/12 ao 07/01; Entroido: 28 do 02 e 1 e 2 do 03; S. Santa: do 11 ao 18 do 04</b>
	<b>Días non lectivos (11.10: d. ensino)</b>
	<b>Fin de curso EI, EP e ESO</b>

<b>1ª avaliación</b>	EI, EP: 16.12.21 ESO: 17.12.21
<b>2ª avaliación</b>	EI, EP: 23.03.22 ESO: 24.03.22
<b>Pendientes</b>	23-27.05.22
<b>3ª avaliación</b>	EI, EP: 15.06.22 ESO: 07.06.22

### Commemoracións (Orde do 19 de maio de 2021)

- 20.11.21: Día Universal da Infancia.
- 25.11.21: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- 30.11.21-07.12.21: Constitución e do Estatuto de Autonomía.
- 03.12.21: Día Internacional das Persoas con Discapacidade
- 10.12.21: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24.01.22: Día Internacional da Educación
- 30.01.22: Día da Paz.
- 24.03.22 Día de Rosalía de Castro.
- 08.03.22: Día Internacional da Muller Traballadora.
- 07-11.03.22: Semana da Prensa. Un día traballarase con xornais.
- 15.03.22: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- 07.04.22: Día Mundial da Saúde.
- 18-22.04.22: Semana do Libro. Día do Libro: 23 de abril.
- 02.05.22: Día Internacional contra o Acoso Escolar
- 09.05.22: Día de Europa.
- 16-20.05.22: Semana das Letras Galegas.
- 05.06.22: Día Mundial do Ambiente.

### DATAS SINALADAS

- 25-29.10.21 → Samain
- 11.11.21 → Magosto e Peón
- 19.11.21 → Carreira Solidaria.
- 21.12.21 → Nadal.
- 28.01.22 → Día da Paz
- 21.02.22 → Día da Lingua Materna
- 24.02.22 → Día de Rosalía de Castro
- 25.02.22 → Entroido
- Marzo 2022 → Mes da poesía e teatro
- 19-22.04.22 → Semana do Libro
- 20.05.22 → XIV Romaría das Letras Galegas (Florencio Delgado Gurriarán)
- 22.06.22 → Fin de curso

1º Trim.: 68/64 días  
2º Trim.: 52 días  
3º Trim.: 57 días

**CONTEXTUALIZACIÓN**

O grupo é un grupo mixto formado por 8 nen@s pertencentes a 4º e 9 nen@s pertencentes a 5º curso de educación infantil.

Optaron pola relixión a totalidade de alumnado de 4º EI e 5 alumn@s, do grupo de 5º de infantil. Terán unha sesión semanal co mestre de relixion. O alumnado que optou por alternativa (4 alumn@s) serán atendidon pola titora.

O mestre de educación física imparte dúas sesións semanais de psicomotricidade.

Así mesmo, os nenos reciben unha sesión de educación musical impartida por profesorado especialista.

Contan con tres sesión de lingua estranxeira (Inglés) de 20´ de duración cada unha delas impartida por profesorado especialista.

Contan cunha sesión semanal de 25´ do programa de estimulación da linguaxe oral, impartida por especialista en audición e linguaxe.


Reciben tamén dúas sesións de 25´ semanais de introducción ás novas tecnoloxías da información e comunicación.

Durante este curso escolar seguimos co PLAN LECTOR, adicándolle 25 minutos diarios todos os días á volta do recreo; entre as actividades a realizar destacamos a manipulación de libros por parte dos nenos, lectura por parte da mestra e posterior debuxo por parte dos nenos, “lectura” libre e individual por parte do alumnado, lectura dun conto realizada por un neno ou nena, manipulación de libros de imaxes, confección de contos,... Ao mesmo tempo, continúa o préstamo de libros da biblioteca nos días adicados a tal fin.



CPJ PONTE CARREIRA – TRADES

2º CICLO EDUCACIÓN INFANTIL



CURSO 2021-2022

4º - 5º INFANTIL

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
08:40 - 09:15	Rutinas	Rutinas	Rutinas	Rutinas	Rutinas
09:15 - 10:00	Proxecto	Proxecto	LÓXICO-MATEMÁTICA Pre-cálculo	INICIACIÓN A LECTOESCRITURA	Proxecto
10:00 - 10:20	Merenda	Merenda	Merenda	Merenda	Merenda
10:20 - 10:45	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
10:45 - 11:10	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler
11:10 - 12:00	Tics Inglés	TALLERES DRAMATIZACIÓN	Psicomotricidade	Inglés P.E.L.O.	Música
12:00 - 12:50	Psicomotricidade	INICIACIÓN A LECTOESCRITURA	Relixión / At. Educativa	EXP. NUMÉRICAS Clasificar, senar, emparellar,...	EXP. XEOMÉTRICAS PRECÁLCULO (exp. Numéricas)
12:50 - 14:25	XANTAR	XANTAR	XANTAR	XANTAR	XANTAR
14:25 - 15:15	Cosido, enfeitado, quebracabezas	Tics Inglés	GRAFOMOTRICIDADE FINA Liñas, picar, pasgar	MODELAXE Plasti, arcilla, papel,...	XOGO libre e dirixido Debuxo, película,...

Todos os días temos diferentes momentos de xogo nos rincóns

P.E.L.O.: Programa de Estimulación da Linguaxe Oral

Rutinas: todos os días: rutinas covid e asamblea

rotativas: esquema corporal, vocabulario, vocalización, expresión, coordinación, lateralidade

**TUTORÍA: xoves 13:40-14:20**

**OBXECTIVOS DE AULA**

Durante o presente curso escolar, os obxectivos que se pretenden desenvolver en relación ao alumnado, ciclo, colexio e tamén coas familias son os seguintes:

- Establecer comunicación periódica co profesorado que imparte docencia no mesmo grupo con fin de ter unha boa coordinación metodolóxica e poder obter e compartir información acerca dos nenos, tanto a principio e final dos trimestres nas sesións de avaliación, e sempre que se considere necesario.
- Establecer unha comunicación fluída coas familias para informar sobre a marcha do curso, a principio e final dos trimestres, e sempre que se considere necesario (titora-individua e/ou grupal). Para elo dispoñemos de varias canles de comunicación máis aló do teléfono: abalar, aula virtual e blogue de educación infantil. De ser preciso faranse titorías presenciais.
- Fomentar a participación das familias, solicitando axuda e colaboración aos pais/nais para determinadas actividades relacionadas cos proxectos que se levarán a cabo e para determinadas actividades: samín, entroido, letras galegas, saídas,...
- Organizar o espazo da aula en función das diferentes actividades que nela se realicen.
- Programar actividades conxuntamente coa titora de 6º de infantil.
- Establecer coa titora de 6º de infantil os obxectivos e contidos mínimos para o ciclo e as actividades que se consideren necesarias.
- Elaborar os boletíns de avaliación trimestral.
- Colaborar en actividades programadas do centro
- Familiarizar aos nenos coas novas tecnoloxías: ordenador.
- Mellorar os recursos e infraestructuras da aula.
- Fomentar hábitos e actitudes relacionadas coa “nova normalidade” derivada da COVID-19

4º EDUCACIÓN INFANTIL	5º EDUCACIÓN INFANTIL
<p data-bbox="92 362 729 398"><b><u>COÑECEMENTO DO SI MESMO E AUTONOMÍA</u></b></p> <p data-bbox="92 421 220 456"><b><u>PERSOAL</u></b></p> <p data-bbox="92 479 268 515"><b>OBXECTIVOS</b></p> <ul data-bbox="140 537 729 2033" style="list-style-type: none"> <li>✓ Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, a hixiene, a alimentación e o fortalecemento da saúde, apreciando e gozando das situacións cotiás de equilibrio e benestar emocional.</li> <li>✓ Adquirir progresivamente hábitos relacionados co coidado da saúde, facendo especial fincapé na situación sanitaria actual, e coa seguridade persoal e aprender a identificar e a evitar situacións perigosas.</li> <li>✓ Coñecer progresivamente o seu corpo, identificando as súas características fundamentais e algúns dos segmentos e elementos que o forman.</li> <li>✓ Iniciarse na identificación dos propios sentimentos, emocións, necesidades, preferencias..., sendo capaz de denominalos, expresalos e comunicarllelos ós demais.</li> <li>✓ Coñecer e identifica-la existencia doutras persoas dentro do noso medio e fóra del pertencentes a outras razas que posúen diversos trazos físicos e que teñen distintas formas de vida, hábitos e</li> </ul>	<p data-bbox="751 362 1439 398"><b><u>COÑECEMENTO DO SI MESMO E AUTONOMÍA</u></b></p> <p data-bbox="751 421 879 456"><b><u>PERSOAL</u></b></p> <p data-bbox="751 479 927 515"><b>OBXECTIVOS</b></p> <ul data-bbox="799 537 1439 2033" style="list-style-type: none"> <li>✓ Coñecer e explora-lo seu corpo, identificando algúns dos seus segmentos e elementos, adquirindo progresivamente unha imaxe axustada de si mesmo.</li> <li>✓ Identifica-las características, calidades, posibilidades e limitacións persoais, e tomar conciencia das diferenzas físicas entre o seu corpo e o dos demais, aceptándoas, respectándoas e adoptando actitudes non discriminatorias.</li> <li>✓ Coñecer e identifica-la existencia doutras persoas dentro do noso medio e fóra del pertencentes a outras razas que posúen diversos trazos físicos e que teñen distintas formas de vida, hábitos e algúns costumes diferentes ós nosos.</li> <li>✓ Descubri-las posibilidades motrices e posturais do seu corpo, empregalas coordinadamente e axeitalas ás diversas actividades cotiás, lúdicas e de expresión.</li> <li>✓ Aumenta-lo sentimento de autoconfianza e a capacidade de iniciativa na resolución de problemas da vida cotiá e desenvolver estratexias para satisfacer de forma progresivamente autónoma as súas necesidades básicas.</li> </ul>



<p>algúns costumes diferentes ós nosos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Explora-las posibilidades e limitacións do seu propio corpo, e desenvolver unha imaxe axustada e positiva de si mesmo/a.</li> <li>✓ Desenvolver progresivamente un control e unha coordinación do seu corpo e adapta-las súas posibilidades motrices e posturais ás diversas situacións da actividade cotiá.</li> <li>✓ Adquirir hábitos relacionados coa hixiene e coa alimentación de maneira que se faga gradualmente autónomo nos ambientes onde desenvolve a súa actividade.</li> <li>✓ Aumenta-lo sentimento de autoconfianza e a capacidade de iniciativa na resolución de problemas da vida cotiá e desenvolver estratexias para satisfacer de forma progresivamente autónoma as súas necesidades básicas.</li> <li>✓ Identifica-las sensacións e percepcións do propio corpo de forma que lle permitan controla-las súas necesidades básicas, utilizando os sentidos como medio para explora-lo seu corpo e o seu medio próximo.</li> <li>✓ Progresar cada vez máis na coordinación óculo-manual necesaria para as actividades motrices de carácter fino, e mellora-la precisión dos seus movementos.</li> <li>✓ Desenvolver actitudes e hábitos de</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Identifica-las sensacións e percepcións do propio corpo de forma que lle permitan controla-las súas necesidades básicas; utiliza-los sentidos como medio para explora-lo seu corpo e o seu medio próximo.</li> <li>✓ Afianza-la coordinación óculo-manual necesaria para as habilidades motrices de carácter fino.</li> <li>✓ Desenvolver progresivamente a lateralidade do seu propio corpo, e ser capaz de interpretar nocións direccionais con este.</li> <li>✓ Continua-la adquisición de hábitos relacionados coa hixiene, coa alimentación, coa seguridade e co coidado, tanto persoal coma do ambiente escolar.</li> <li>✓ Adquirir progresivamente hábitos de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo.</li> <li>✓ Identificar e localiza-los sentidos, empregándoos para percibi-las distintas sensacións corporais e descubri-las calidades e propiedades dos obxectos.</li> <li>✓ Identifica-los sentimentos, emocións, desexos e necesidades propias e dos demais, e desenvolver unha actitude comunicativa.</li> <li>✓ Adquirir nocións básicas de orientación temporal, e ser capaz de aplicar estas nocións nas súas vivencias habituais.</li> <li>✓ Ser capaz de planificar e secuenciar-la propia acción para resolver problemas da vida cotiá, e desenvolver actitudes de colaboración e axuda con nenas, nenos e</li> </ul>
--	---

colaboración e de axuda evitando comportamentos de submisión ou dominio, adecuando o seu comportamento ás necesidades e demandas dos outros.

- ✓ Adquirir progresivamente hábitos de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo

#### CONTIDOS

- ✓ Hábitos de actitudes relacionados coa seguridade e hixiene axeitados á nova normalidade.
- ✓ Algúns elementos do corpo.
- ✓ Imaxe global do propio corpo.
- ✓ Características diferenciais do corpo.
- ✓ Movements e posturas do corpo.
- ✓ Referencias espaciais en relación co propio corpo.
- ✓ Necesidades básicas.
- ✓ Coidado do corpo e seguridade persoal.
- ✓ Hábitos relacionados coa alimentación, coa hixiene e co descanso.
- ✓ Os sentidos: sensacións e percepcións.
- ✓ Sensacións do corpo: frío-calor.
- ✓ Sentimentos e emocións.
- ✓ Actividades cotiás: de xogo, de obrigas e de rutinas.
- ✓ Hábitos elementais de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo.
- ✓ Nocións básicas de orientación e coordinación de movementos.
- ✓ Limpeza e orde do medio.

adultos, axeitando o seu comportamento ás necesidades e demandas dos outros.

#### CONTIDOS

- ✓ O corpo: algúns segmentos e elementos.
- ✓ Características diferenciais do corpo.
- ✓ O lado dereito do corpo.
- ✓ Imaxe global do corpo.
- ✓ Sentimentos e emocións propios e dos demais.
- ✓ Os sentidos e a súa función na percepción.
- ✓ O oído, o olfacto, o gusto e o tacto.
- ✓ Sensacións e percepcións.
- ✓ Actividades da vida cotiá: de xogo, domésticas, cumprimento de rutinas e os seus requirimentos.
- ✓ Movements e posturas do corpo e os seus segmentos.
- ✓ Hábitos de hixiene e alimentación e a súa relación coa saúde.
- ✓ Hábitos elementais de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo.
- ✓ Nocións básicas de orientación e coordinación de movementos.

**COÑECEMENTO DO MEDIO****OBXECTIVOS**

- ✓ Identificar, diferenciar e manipula-los obxectos de uso nas diferentes estacións.
- ✓ Comezar a coñece-los cardinais 1, 2 e 3, relacionando a cantidade coa súa grafía.
- ✓ Iniciarse no coñecemento lóxico-matemático a través da manipulación e observación dos obxectos, descubriendo algunhas das súas propiedades.
- ✓ Identificar e recoñece-la forma circular, cadrada e triangular.
- ✓ Adquirir nocións cuantitativas básicas.
- ✓ Adquirir nocións básicas de orientación espacial.
- ✓ Establecer relacións e comparacións entre coleccións de obxectos atendendo a distintas nocións cuantitativas.
- ✓ Inicialos na formación de series sinxelas.
- ✓ Descubrir, a través da observación e da experimentación, os atributos físicos dos obxectos; aprender a coidalos e a usalos correcta e axeitadamente.
- ✓ Identificar algúns obxectos e recursos tecnolóxicos habituais utilizados nas actividades cotiás: ordenador, reprodutores musicais, televisión, DVD, videoxogos...
- ✓ Utiliza-la serie numérica para contar obxectos.
- ✓ Observa-lo medio natural e descubri-los cambios climatolóxicos e atmosféricos,

**COÑECEMENTO DO MEDIO****OBXECTIVOS**

- ✓ Adquirir nocións básicas de orientación temporal, e ser capaz de aplicar estas nocións nas súas vivencias habituais.
- ✓ Observar, explorar e manipular obxectos e coleccións de obxectos, e descubri-las súas propiedades mediante a experimentación activa, utilizando as posibilidades das formas de representación matemática.
- ✓ Comparar coleccións de obxectos establecendo relacións cuantitativas e iniciarse na realización de series sinxelas, identificando a lei establecida para facelo.
- ✓ Avanzar no coñecemento da serie numérica, recoñecendo e controlando a direccionalidade da grafía dos cinco primeiros números, e ser capaz de nomear esta serie en orde crecente e decrecente.
- ✓ Identificar e recoñecer algunhas formas xeométricas planas, discriminando estas formas entre outras figuras.
- ✓ Avanzar no coñecemento de novas nocións cuantitativas, aplicándoas para resolver problemas sinxelos da vida cotiá.
- ✓ Adquirir novas nocións de orientación espacial, aplicando estas nocións e as xa aprendidas no seu propio corpo e nos obxectos.
- ✓ Observar e explora-lo medio natural, descubriendo os cambios (vexetais, climáticos, vestido...) que se producen nel coa chegada das diferentes estacións.

naturais-vexetais, na alimentación e no vestido, e no medio social que se producen co paso do tempo.

- ✓ Interpretar situacións e feitos significativos do seu medio amosando interese polo seu coñecemento.
- ✓ Coñecer e acepta-la súa familia, descubri-las relacións de parentesco que nela se establecen e sentirse un membro dela. Coñecer e tolera-las situacións familiares das súas compañeiras e compañeiros.
- ✓ Coñece-las características da súa casa e da escola: espazos e obxectos presentes nelas, e ser capaz de orientarse e desenvolverse de forma progresivamente autónoma.
- ✓ Asimila-las normas que rexen os grupos nos que se desenvolve, sendo quen de adecua-lo comportamento de forma gradual ás necesidades e demandas dos outros e de valora-los beneficios que achega a vida en sociedade.
- ✓ Coñecer distintos grupos sociais próximos á súa experiencia, algunhas das súas características, producións culturais, valores e formas de vida, xerando actitudes de confianza, respecto e aprecio.
- ✓ Coñecer e valorar algunhas profesións próximas a eles: policía, bombeiro/a, xardineiro/a, agricultor/a, panadeiro/a...
- ✓ Observar animais e plantas próximos a

- ✓ Valorar, respectar e coida-lo medio natural, intervindo na medida das súas posibilidades.
- ✓ Ser progresivamente autónomo no ámbito escolar, establecendo relacións afectivas coas súas compañeiras e cos seus compañeiros e coa profesora ou co profesor, e assimilar e respecta-las normas de comportamento e organización da súa clase.
- ✓ Acepta-la súa propia situación familiar, desenvolvendo actitudes de afecto e cariño polos membros da súa familia, e coñecer e valora-las súas normas de convivencia. Contribuír, na medida das súas posibilidades, no mantemento da orde e limpeza da súa casa.
- ✓ Coñece-las características da súa vivenda, as súas dependencias e as funcións de cada unha, observando os obxectos presentes nelas e aprendendo a utilízalos axeitadamente.
- ✓ Coñece-las características físicas, os ciclos vitais e a alimentación dalgúns animais próximos a eles, diferenciando entre animais domésticos e salvaxes, e valora-la importancia que teñen para a vida e para a conservación do medio.
- ✓ Avanzar no coñecemento de novas profesións, valorando a importancia que ten o traballo das persoas para o desenvolvemento e a organización do medio social.

eles e descubrir algunhas características e cambios que se producen nos seus ciclos vitais. Valora-los beneficios que nos achegan e desenvolver actitudes de respecto e coidado cara a estes seres vivos.

- ✓ Coñecer algúns medios de transporte; sendo capaz de relacionalos co medio polo que se desprazan.
- ✓ Iniciarse no coñecemento dalgúns normas de seguridade viaria.
- ✓ Coñecer diferentes formas de acceso á cultura e amosar interese por coñecer distintos costumes, distintas tradicións, formas de vida..., utilizando diversos medios de comunicación e información para iso.

#### CONTIDOS

- ✓ Cardinais 1, 2 e 3; a súa direccionalidade e representación gráfica.
- ✓ Propiedades dos obxectos: o tamaño (grande-pequeno), a medida (longo-curto, alto-baixo) e a forma.
- ✓ Formas planas: o círculo, o cadrado e o triángulo.

- ✓ Coñecer e valora-la importancia que teñen para as persoas os alimentos de orixe vexetal e animal.
- ✓ Valora-la importancia que teñen para a sociedade os diversos servizos que ofrece a vida en comunidade: lugares de lecer e diversión, lugares de consumo.
- ✓ Descubri-la relación existente entre algúns medios de transporte e as características do medio físico polo que se desprazan.
- ✓ Iniciarse no coñecemento dalgúns medios de comunicación e información.
- ✓ Identificar algúns obxectos e recursos tecnolóxicos habituais empregados nas actividades cotiás: ordenador, reprodutores musicais, televisión, DVD, videoxogos..., iniciándose no seu uso.
- ✓ Interesarse por coñecer diferentes culturas, comportamentos, costumes, tradicións, formas de vida... Recorrer ós medios de comunicación e información, coñecendo as vantaxes que lle ofrecen as novas tecnoloxías, para este achegamento.

#### CONTIDOS

- ✓ Nocións básicas de orientación temporal: día e noite.
- ✓ Propiedades dos obxectos: a cor, a forma, a textura, a dureza e a temperatura.
- ✓ As cores primarias.
- ✓ Gama de cores secundarias: verde, laranxa, rosa, marrón, morado, gris, branco e negro.

- |   |  |
|---|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Cuantificadores básicos: máis ca-menos ca, moitos-poucos, moitos-un e cheo-baleiro.</li> <li>✓ Nocións básicas de orientación espacial: dentro-fóra, arriba-abaixo, diante-detrás, un lado-outro lado e aberto-pechado.</li> <li>✓ Nocións básicas de orientación temporal: día-noite.</li> <li>✓ Relacións entre obxectos e coleccións: correspondencias e series.</li> <li>✓ Gama de cores primarias: vermello, amarelo e azul.</li> <li>✓ Algúns fenómenos atmosféricos.</li> <li>✓ A familia: membros e funcións.</li> <li>✓ A casa e a escola: espazos, características e obxectos presentes.</li> <li>✓ Normas elementais de relación e convivencia.</li> <li>✓ Propiedades dos obxectos: cor vermella, azul e amarela.</li> <li>✓ Diferentes tipos de obxectos: os relacionados coa alimentación e co vestido, os xoguetes...</li> <li>✓ Algúns obxectos e recursos tecnolóxicos: ordenador, reprodutores musicais, televisión, DVD, videoxogos...</li> <li>✓ A rúa.</li> <li>✓ Algunhas profesións: médico/a, policía, bombeiro/a, xardineiro/a, agricultor/a, panadeiro/a...</li> <li>✓ Algunhas normas elementais de seguridade viaria.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Nocións básicas de medida. Tamaño: grande-mediano-pequeno, longo-curto, alto-baixo, goso-delgado.</li> <li>✓ Nocións de orientación espacial: dentro-fóra, arriba-abaixo, diante-detrás, preto-lonxe, aberto-pechado, dereita, arredor, sobre-baixo, entre.</li> <li>✓ Formas planas: círculo, cadrado, triángulo, rectángulo e rombo.</li> <li>✓ Cuantificadores básicos: moitos-poucos, máis ca-menos ca, cheo-baleiro, metade, un, varios, ningún, tantos coma.</li> <li>✓ Nocións básicas de medida: peso.</li> <li>✓ Serie numérica: cardinais 1, 2, 3, 4, 5 e 6.</li> <li>✓ Plantas, froitas, fenómenos atmosféricos e obxectos de uso específico relacionados co clima.</li> <li>✓ Estacións do ano.</li> <li>✓ Algunhas características físicas e funcionais dos animais.</li> <li>✓ Algúns animais domésticos e salvaxes.</li> <li>✓ Relación de utilidade entre os seres vivos e as persoas.</li> <li>✓ A vida das plantas.</li> <li>✓ Outros elementos do medio natural: terra, auga, aire e astros do ceo.</li> <li>✓ A clase: dependencias, obxectos e elementos persoais.</li> <li>✓ A familia: membros, parentesco, funcións e ocupacións.</li> <li>✓ Tipos de estrutura familiar.</li> <li>✓ A vivenda: dependencias, características e obxectos. Tipos.</li> </ul> |
|---|--|

- ✓ Algúns medios de transporte: coche, autobús, bicicleta, avión, tren, barco.
- ✓ Algunhas características morfolóxicas e funcionais dos animais.
- ✓ Algúns alimentos de orixe animal e vexetal.
- ✓ Paisaxes naturais: mar e campo.
- ✓ Algúns medios de comunicación e información.
- ✓ Celebracións e festas do ano : Nadal e Entroido.

- ✓ Algunhas normas de comportamento na casa e na clase.
- ✓ Alimentos de orixe animal e vexetal.
- ✓ Ámbitos inmediatos do medio: a rúa.
- ✓ Elementos da paisaxe urbana: prazas, edificios, xardíns, calzadas, beirarrúas, semáforos...
- ✓ Algunhas normas de seguridade viaria.
- ✓ Profesións: policía de tráfico, profesor/a, carteiro/a, vendedor/a, panadeiro/a, veterinario/a, agricultor/a, xardineiro/a, albanel, mecánico/a, bombeiro/a, médico/a, e pintor/a artista.
- ✓ Algúns obxectos e recursos tecnolóxicos: ordenador, reprodutores musicais, televisión, DVD, videoxogos...
- ✓ Algúns medios de comunicación e información.
- ✓ Medios de transporte e medios físicos.
- ✓ Lugares relacionados co consumo, coa diversión e co lecer.
- ✓ Festas e celebracións do ano.

**LINGUAXES: COMUNICACIÓN E**

**REPRESENTACIÓN**

**OBXECTIVOS**

- ✓ Emprega-la linguaxe oral como medio de comunicación cos outros e pronunciar, articular e expresarse de forma cada vez máis clara.
- ✓ Expresar emocións, necesidades, desexos, intereses, sentimentos...

**LINGUAXES: COMUNICACIÓN E**

**REPRESENTACIÓN**

**OBXECTIVOS**

- ✓ Expresar mediante a linguaxe oral e outras linguaxes desexos, sentimentos, emocións, necesidades e ideas e comprende-las mensaxes que lle comunican os demais, sabendo que a linguaxe é o principal medio para relacionarse cos outros.

<p>mediante a lingua oral e a través doutras linguaxes.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Amosar unha actitude positiva cara á lingua, tanto propia como estranxeira.</li> <li>✓ Aumentar progresivamente o vocabulario nas diferentes linguas.</li> <li>✓ Achegarse á literatura infantil comprendendo, reproducindo e recreando textos sinxelos de contos clásicos e de poemas literarios, e amosar actitudes de valoración, gozo e interese cara a eles.</li> <li>✓ Participar de forma cada vez máis activa nas situacións de transmisión oral e respecta-las normas que rexen o intercambio lingüístico.</li> <li>✓ Iniciarse nos usos sociais da lectura e da escritura e valoralas como instrumentos de comunicación, información e gozo.</li> <li>✓ Utiliza-las normas elementais de cortesía para saudar e despedirse nas diferentes linguas.</li> <li>✓ Ler e interpretar imaxes, e descubri-las súas calidades e posibilidades.</li> <li>✓ Amosar interese cara ós instrumentos da linguaxe escrita, e valorala como medio de comunicación e información.</li> <li>✓ Iniciarse na produción e na interpretación de textos sinxelos.</li> <li>✓ Iniciarse na comprensión de contos seguindo a secuencia temporal.</li> <li>✓ Concienciarse progresivamente da relación da linguaxe oral coa</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Amosar unha actitude positiva cara á lingua, tanto propia como estranxeira.</li> <li>✓ Expresarse oralmente de forma progresivamente máis clara, respectando as normas que rexen o intercambio lingüístico e adaptando a linguaxe ás diversas situacións para comprender e ser comprendido.</li> <li>✓ Reforza-lo significado das súas mensaxes mediante o uso de sinais extralingüísticos con significación para a nena e para o neno.</li> <li>✓ Amosar interese pola linguaxe escrita, valorándoa como instrumento de comunicación, información e gozo.</li> <li>✓ Achegarse á literatura infantil comprendendo, reproducindo e recreando textos sinxelos de contos clásicos e de poemas literarios, e amosar actitudes de valoración, gozo e interese por eles.</li> <li>✓ Iniciarse no coñecemento e uso dalgunhas palabras básicas en lingua estranxeira relacionadas coas rutinas da vida cotiá e coas actividades que se realizan dentro da aula.</li> <li>✓ Mellora-la súa expresión oral aumentando progresivamente o seu vocabulario e construíndo frases cunha estruturación gradualmente correcta.</li> <li>✓ Iniciarse nos usos sociais da lectura e da escritura valorándoa como instrumentos de comunicación, información e gozo.</li> <li>✓ Iniciarse na lectura interpretando, reconstruíndo e ordenando imaxes e demais</li> </ul>
---	--



<p>representación gráfica por medio de imaxes e pictogramas.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Iniciarse no coñecemento e uso dalgunhas palabras básicas en lingua estranxeira relacionadas coas rutinas da vida cotiá e coas actividades que se realizan dentro da aula.</li> <li>✓ Utilizar algunhas técnicas e recursos da expresión plástica, corporal, musical e dramática para amplia-las súas posibilidades comunicativas e desenvolve-la creatividade.</li> <li>✓ Descubrir progresivamente as posibilidades expresivas do seu corpo para manifestar sentimentos e emocións.</li> <li>✓ Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades relacionadas coas rutinas cotiás dentro da aula.</li> <li>✓ Comprende-las mensaxes audiovisuais emitidas por algúns instrumentos tecnolóxicos (ordenador, televisión, DVD, reprodutores musicais, videoxogos...), e entende-la importancia e a necesidade de utilízalos moderadamente.</li> <li>✓ Coñece-lo ruído que producen algúns obxectos ó manipularlos diferenciando entre ruído e música.</li> <li>✓ Discriminar algúns sons do medio próximo e imita-lo son dalgúns animais.</li> <li>✓ Coñecer algunhas cancións infantís e</li> </ul>	<p>instrumentos da lingua escrita.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Favorece-la habilidade lectora, recoñecendo progresivamente as letras como compoñentes das palabras máis significativas do seu medio.</li> <li>✓ Comprende-las mensaxes audiovisuais emitidas por algúns instrumentos tecnolóxicos (ordenador, televisión, DVD, reprodutores musicais, videoxogos...), e entende-la importancia e a necesidade de utilízalos moderadamente.</li> <li>✓ Emprega-las técnicas e os recursos básicos das formas de representación e expresión plástica, musical e corporal para aumentalas súas posibilidades comunicativas e desenvolve-la creatividade.</li> <li>✓ Iniciarse en novas técnicas da expresión plástica, como a mestura de cores, lembrando as cores aprendidas no nivel anterior, e obter a partir delas a gama de cores secundarias.</li> <li>✓ Coidar e utilizar correctamente os útiles e materiais da expresión plástica.</li> <li>✓ Achegarse ó coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes.</li> <li>✓ Avanzar no coñecemento das posibilidades comunicativas e expresivas que a música lles ofrece, aprendendo a discriminar determinados sons e coñecendo novos instrumentos musicais.</li> <li>✓ Comprender que por medio do corpo pode expresa-las súas emocións, necesidades, sentimentos e desexos, realizando diversos</li> </ul>
--	---

participar en representacións musicais.

- ✓ Coñecer e manipular algúns instrumentos musicais.
- ✓ Empregar e coñecer axeitadamente os útiles da actividade plástica.
- ✓ Utiliza-las posibilidades expresivas do corpo e iniciais no control do movemento e da relaxación.
- ✓ Coñece-la gama de cores primarias e aprender a utilizalas nas súas elaboracións plásticas.
- ✓ Achegarse ó coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes.

#### CONTIDOS

- ✓ Linguaxe oral e necesidades de comunicación.
- ✓ Vocabulario adaptado a cada tema nas diferentes linguas.
- ✓ Textos de tradición cultural: contos, poemas, adiviñas, cancións e series (nas diferentes linguas)
- ✓ Instrumentos da lingua escrita: ilustracións, carteis, imaxes, fotografías...
- ✓ Normas que rexen o intercambio lingüístico.
- ✓ Normas socialmente establecidas para solicitar algo, para saudar, para despedirse e para da-las grazas.
- ✓ Aquelas palabras e expresións dunha lingua estranxeira que, estando relacionadas cos contidos das unidades

desprazamentos polo espazo e experimentando as súas posibilidades expresivas.

- ✓ Participar e entusiasmarse coas audicións de cancións e coas dramatizacións que realizan na clase, sendo progresivamente creativos e amosando iniciativa.

#### CONTIDOS

- ✓ Contos.
- ✓ Vocabulario relacionado cos distintos temas-proxectos nas diferentes línguas.
- ✓ Necesidade da comunicación.
- ✓ A linguaxe oral como medio de comunicación e expresión cos demais.
- ✓ Situacións de comunicación e expresión cos demais.
- ✓ Familia de palabras.
- ✓ Lectura de pictogramas, flash-cards.
- ✓ Descricións.
- ✓ Os diminutivos.
- ✓ Algunhas normas que rexen o intercambio lingüístico.
- ✓ Algunhas normas socialmente establecidas para solicitar e para saudar e despedirse.
- ✓ A lingua escrita como medio de comunicación, información e gozo.

<p>didácticas, se poidan introducir.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Técnicas, materiais e instrumentos útiles e necesarios para a expresión plástica: marcas, esborrachado, picado e punteado.</li> <li>✓ Trazo vertical, horizontal e curvo.</li> <li>✓ Os sons do corpo.</li> <li>✓ Cancións infantís.</li> <li>✓ Ruídos e sons do medio.</li> <li>✓ Instrumentos musicais.</li> <li>✓ As posibilidades expresivas do corpo.</li> <li>✓ Sentimentos e emocións e a súa expresión corporal.</li> <li>✓ Equilibrio: iniciación.</li> <li>✓ Control do corpo: movemento e relaxación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Instrumentos e elementos da lingua escrita: imaxes, etiquetas, fotografías, símbolos, carteis, anuncios...</li> <li>✓ Primeiros usos do número, do xénero e do verbo.</li> <li>✓ Aquelas palabras e expresións dunha lingua estranxeira</li> <li>✓ que, estando relacionadas cos contidos das unidade, se poidan introducir.</li> <li>✓ Trazos rectos e as súas combinacións.</li> <li>✓ Trazos curvos e as súas combinacións.</li> <li>✓ Trazos espirais e bucles.</li> <li>✓ Técnicas da expresión plástica: debuxo e mestura de cores.</li> <li>✓ Os materiais da expresión plástica: ceras, plastilina...</li> <li>✓ Ritmo e música.</li> <li>✓ Ruído e silencio.</li> <li>✓ Os sons do corpo, dos xoguetes e dos instrumentos musicais.</li> <li>✓ Propiedades sonoras dalgúns fenómenos e obxectos.</li> <li>✓ Calidades do son: duración.</li> <li>✓ Cancións e danzas sinxelas.</li> <li>✓ Posibilidades expresivas do corpo.</li> <li>✓ A expresión corporal de sentimentos e emocións.</li> <li>✓ Desprazamentos polo espazo.</li> <li>✓ Relaxación global e segmentaria.</li> </ul>
---	---

**LECTOESCRITURA****OBXECTIVOS**

- Motivar e incentivar o interese dos nenos pola aprendizaxe da lectoescritura.
- Espertar o gusto por ler e escribir.
- Desenvolver a motricidade fina: trazo.
- Desenvolver a motricidade global (orientación espaciotemporal, esquema corporal, direccionalidade, posición ao escribir,...).
- Desenvolver a coordinación óculo-manual necesaria para realizar o trazado das distintas letras.
- Desenvolver a linguaxe oral.
- Comprender e valorar textos tradicionais e tamén de produción actual.
- Desenvolve-la expresión oral.
- Desenvolve-la capacidade e a atención visual.
- Potenciar o gusto pola lectura e a escritura.
- Que os nenos identifiquen os libros como unha fonte de información útil e interesante.
- Descubrir que a lectura e a escritura son útiles para a vida cotiá.
- Recoñecer a utilidade da lingua para expresar as nosas vivencias, sentimentos e emocións.
- Recoñecer a lingua escrita como medio de comunicación.
- Desenvolver actitudes positivas hacia a aprendizaxe da lectura e a escritura.
- Disfrutar coa narración de contos e outras actividades relacionadas con eles.
- Desenvolver hábitos de coidado cara os libros.
- Visitar as bibliotecas de aula e de centro respectando as súas normas.
- Diferenciar as letras de outros símbolos do contorno.
- Recoñecer e ser capaces de realizar correctamente grafías das letras do abecedario.
- Articular de maneira correcta os distintos sons traballados.
- Discriminar auditivamente os sons traballados en distintas palabras.
- Discriminar visualmente as distintas letras illadamente e en textos.
- Identifica-las grafías maiúscula e minúscula das distintas letras.

**CONTIDOS**

- Lingua escrita.
- O debuxo e a escritura.
- Os signos gráficos.
- O nome propio como modelo estable da escritura con significado.
- As letras e a súa forma.
- Orde e variabilidade das letras na escritura de nomes.
- Aspectos convencionais da escritura: linealidade, orientación.
- Nomes de personaxes de contos.
- Diálogos sobre temas diversos.
- Observación, narración e comentario de contos de distintos tipos.
- Animación á lectura e á escritura.
- A biblioteca escolar.
- O coidado dos libros e demais materiais de lectura.
- Diferenciación das letras doutros símbolos do contorno.
- Recoñecemento e discriminación auditiva dos distintos sons nas palabras.
- Realización de maneira correcta das grafías das letras do abecedario
- Asociación correcta do son coa grafía que lle corresponde.
- Percepción dun son novo entre outros xa coñecidos.
- Diferentes tipos de grafías.
- Discriminación visual das distintas letras illadamente ou en textos.
- Articulación, de maneira correcta, dos distintos sons traballados.

Para isto relacionados con cada tema ou proxecto que realicemos, programaranse unha serie de actividades a partir dese eixe e tendo en conta que cada realidade escolar e cada escolar é diferente. Será necesario adaptarnos sempre á diversidade do alumnado que teñamos diante, polo que poñemos as actividades xenéricas que imos realizar.

Lectoescritura	
Taller de animación á lectura	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Contar, comentar moitos contos.</li> <li>• Confeccionar cos nenos libros de ilustracións.</li> <li>• Facer lecturas guiadas polos gustos do neno, decindo</li> </ul>

	<p>cada un dos nenos do grupo cal é o seu conto favorito.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Os nenos, por turno, contan un conto ós seus compañeiros..</li> <li>• Narración a partires de imaxes, láminas ou debuxos.</li> <li>• Traballamos con barrallas de imaxes e textos</li> <li>• Complementar narracións</li> <li>• Inventar conversacións orais cos personaxes dun conto</li> <li>• Empregar frases feitas</li> <li>• Entender e reproducir un conto</li> <li>• Pareados, adiviñas, ditos</li> <li>• Memorizar poseías e cancións sinxelas</li> <li>• Interpretar logotipos coñecidos e asocialos co obxecto correspondente</li> </ul>
Taller de animación á escritura	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Diferenciar e construír frases divertidas, curtas, longas,...</li> <li>• Uso de frases de inicio e final</li> <li>• Ampliamos vocabulario</li> <li>• O diálogo como técnica narrativa</li> <li>• Responde-las preguntas</li> <li>• Avisos, noticias e anuncios</li> <li>• Cebracabezas de contos</li> <li>• Elaborar conxuntamente unha nota e facela individualmente.</li> <li>• Traballar a data en conxunto e identificar e recoñecer días da semana, meses e estacións.</li> <li>• Elaborar algún eslogan breve, baseándose en anuncios coñecidos.</li> <li>• Escribir nomes sen modelos.</li> <li>• Inciarse na creación de pareados.</li> <li>• Empezaremos a inventar adiviñas</li> </ul>
Taller de contos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Contar e comentar moitos contos.</li> <li>• Contar un conto a través dos debuxos que o acompañan.</li> <li>• Equivocar as historias dos contos</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Inventar contos</li> <li>• Facer contos de cousas imposibles (que chova cara o ceo)</li> <li>• Finais alternativos para os contos.</li> <li>• Continuar un conto entre todos.</li> <li>• Un conto ao revés (contamos o conto empezando polo final)</li> <li>• Un novo punto de vista. (Que o conto sexa narrado por algún dos seus protagonistas secundarios: Carapuchiña narrado polo Lobo Féroz,...)</li> <li>• Introducir personaxes ou obxectos estraños en contos tradicionais.</li> <li>• Cambiar o lugar e o tempo no que ocorren as historias dun conto. Que pasaría?</li> <li>• Ensalada de contos.</li> <li>• As personaxes dos contos van de visita a outros contos.</li> <li>• Adiviñas sobre personaxes dos contos.</li> <li>• Transformación de personaxes.</li> <li>• Buscar na memoria. Tipo: dime contos que teñan personaxes malvados,...</li> <li>• Binomios fantásticos.</li> <li>• Buscar semellanzas e diferenzas entre os contos.</li> <li>• Dun debuxo a un mundo. Tentamos construír unha historia a partir dunha fotografía ou dun debuxo.</li> <li>• Representación de contos.</li> </ul>
<p>Actividades relacionadas co nome propio e outros nomes significativos (días da semana, meses do ano,...)</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Escribir o nome e o primeiro apelido. Tamén o do seu pai, nai e o dos irmáns.</li> <li>• Escribir nomes dos personaxes dos contos.</li> <li>• Recoñecer e escribir nomes dos días da semana, meses do ano, festas (magosto, nadal, entroido,...)</li> <li>• Recoñecer e reproducir nomes de obxectos cotiás</li> <li>• Distinguir entre singular e plural.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Primeiros usos do xénero e do número</li> <li>• Caixa dos nomes.</li> <li>• A lista da clase</li> </ul>
Actividades de lectoescritura propiamente dita	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realización de maneira correcta das grafías das letras do abecedario</li> <li>• Actividades de creación libre de trazos e grafismos (papel, serraduras, fariña,...)</li> <li>• Actividades de resolución de trazos e de grafismos a partir de elementos prácticos (recortes de revista, bólas de papel de seda, adhesivos,...)</li> <li>• Actividades de escritura de palabras con modelos.</li> <li>• Localización de grafías en palabras e textos</li> <li>• Clasificar obxectos en función de determinados sons</li> <li>• Localizar sons en palabras: en posición inicial e final.</li> <li>• Clasificar tarxetas con nomes atendendo a criterios tales como: presenza ou ausencia de consoantes,...</li> <li>• Compoñer palabras.</li> <li>• Crear textos orais: pareados, ditos, refráns,...</li> </ul>

### COMPETENCIAS BÁSICAS

Todas as competencias, debido ao carácter globalizador da etapa de Educación Infantil, inclúense nas actividades rutinarias, e dicir, non suporán unha ruptura nas súas actividades diarias, cunha metodoloxía igual á que se utiliza na aula tendo en conta que ao marxe das actividades aquí expostas, traballaremos as competencias en todas as actividades que se realizan na aula, apoiándonos nos materiais gráficos, lúdicos, plásticos,... que utilizamos no proceso de ensinanza. De igual forma, en cada unidade didáctica poñerase especial énfase en determinadas competencias, as cales figuran recollidas na secuenciación de ditas unidades.

A avaliación das actividades atende aos principios básicos da avaliación infantil (continua, formativa, integral e aberta) e atenderá ao proceso de ensino-aprendizaxe e da propia actividade.



Os obxectivos, contidos e actividades relacionados coas competencias quedan organizados da seguinte forma:

➤ **COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LÍNGÜÍSTICA**

Refírese ao uso das catro destrezas da linguaxe: escoitar, falar, ler e escribir. As destrezas de falar e escoitar son prioritarias en lingua galega e castelán e exclusivas na lingua estranxeira, pero isto non impide o achegamento ao código escrito e, sobre todo, á literatura infantil a través de contos e relatos.

Os **OBXECTIVOS** relacionados con esta competencia son:

- ❖ Expresar e comprender mensaxes orais.
- ❖ Expresarse de forma clara e coherente cun vocabulario axeitado á idade.
- ❖ Escoitar e respectar as opinións dos compañeiros e compañeiras.
- ❖ Describir persoas, obxectos e situacións.
- ❖ Observar e describir debuxos, láminas, fotografías, carteis, pictogramas...
- ❖ Interpretar imaxes en voz alta.
- ❖ Comprender a información dos contos lidos polos adultos.
- ❖ Iniciarse na comprensión da información visual de viñetas, ilustracións dos contos, fotografías, pictogramas, imaxes de arquivos informáticos, diapositivas...
- ❖ Dialogar sobre acontecementos relacionados coa vida cotiá.
- ❖ Saber dialogar sobre os diferentes temas relacionados cos seus intereses e formar progresivamente xuízos críticos.
- ❖ Expresar en voz alta desexos, gustos, intereses, preferencias e necesidades.
- ❖ Recrear na aula situacións da vida cotiá.
- ❖ Empezar a coñecer e a utilizar as regras básicas do funcionamento da lingua.
- ❖ Utilizar as destrezas necesarias para iniciarse na escritura e na lectura.
- ❖ Utilizar estratexias diversas para comprender o que os demais din: atender ao ton da voz, ao ton, ás pausas, aos xestos...
- ❖ Memorizar e recitar pequenas poesías, refráns, trabalinguas e cancións.

**OS CONTIDOS** que desenrolan esta competencia son:

- Utilización progresiva da lingua oral, relatando feitos e comunicando feitos e sentimentos.
- Uso progresivo dun léxico variado e preciso.
- escoita de forma comprensiva de contos, poemas, adiviñas, etc.
- Achegamento á lingua escrita a través de imaxes, pictogramas, palabras e a realización das primeiras grafías.
- Utilización da biblioteca escolar dun xeito correcto.
- Experimentación e utilización de xestos e movementos como recursos de expresión (danza, mímica, etc.)

**AS ACTIVIDADES** que desenrolan esta competencia:

- **Carteis de identificación:** refírense ás zonas da aula, obxectos, materiais, mobiliario, así como conceptos básicos a traballar ( formas xeométricas cores números , fonemas, nomes dos alumnos/as, vocabulario, rutinas.). Presentaranse tanto en maiúscula como en minúscula.
- **Contos.** Imaxes secuenciadas: os conto por ser motivadores e atractivos xeran multitude de actividades e secuenciándoos con imaxes favorece que o alumnado estructure e organice a historia narrada , favorecendo a utilización e valoración da Lingua oral .
- **Poesías, adiviñas, retahilas,...** A través do aprendizaxe memorístico de textos de tradición oral que apoiarán os textos escritos ou ilustrados que se atoparán no recuncho da biblioteca.
- **Pictogramas,** o seu uso servirá de iniciación ao aprendizaxe lecto- escritor, estimulando a súa capacidade comunicativa.

### ➤ COMPETENCIA MATEMÁTICA

Preténdese desenrolar e aplicar o pensamento matemático co fin de resolver diversos problemas en situacións cotiás.

Os **OBXECTIVOS** relacionados con esta competencia son:

- ❖ Comezar a aplicar operacións matemáticas para resolver problemas cotiás mostrando seguridade e confianza nas capacidades propias.

- ❖ Empregar o coñecemento das formas e das figuras xeométricas para describir e resolver situacións cotiás que o requiran.
- ❖ Iniciarse na utilización da linguaxe matemática para expresar ideas.
- ❖ Manipular obxectos e descubrir as súas calidades.
- ❖ Establecer relacións sinxelas entre os obxectos.
- ❖ Realizar pequenas clasificacións atendendo a criterios sinxelos.
- ❖ Comezar a situarse espacial e temporalmente.
- ❖ Coñecer os cinco primeiros elementos da serie numérica.

**OS CONTIDOS** que a desenrolan son:

- Percepción e identificación das cualidades de obxectos e materiais do entorno.
- Situacións de si mesmos e dos obxectos no espazo (dentro/fora – enriba/debaixo – Arriba/abaixo – cerca/lonxe,...)
- Relacións de orde, seriacións, clasificación, secuencias temporais, puzzles.
- Exploración se obxectos de forma plana.
- Aproximación á serie numérica e ás súas grafías.

As **ACTIVIDADES** que se levarán a cabo de xeito permanente son:

- **O panel de asistencia.** Onde o encargado sinalará e contará aos alumnos presentes e ausentes manipulando a súas fotografías, ubicándoas dentro ou fora do panel realizado e exposto a tal fin.
- **O calendario,** que terá carácter manipulativo, representando os días da semana, de diferentes cores contabilizando os días do mes , e que favorece que os nenos/as adquiren unha progresiva noción do paso do tempo
- **O cadro do horario,** a través do cal o encargado lerá e interpretará as actividades que se levarán a cabo diariamente que estarán ordenadas no tempo de xeito numérico, acompañadas de imaxes gráficas representativa da actividade.

### ➤ COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO.

Os nenos interactúan coas persoas, obxectos, explorando o espazo e o tempo, ampliando deste xeito o seu coñecemento do mundo.

Os **OBXECTIVOS** relacionados con esta competencia son:

- ❖ Observar o seu ámbito próximo e interactuar con el.
- ❖ Desenvolver a capacidade para lograr unha vida saudable nun ámbito limpo e coidado.
- ❖ Percibir o seu ámbito físico, algúns dos cambios que nel se producen coa chegada das diferentes estacións.
- ❖ Comezar a utilizar a observación, a manipulación e a exploración para coñecer mellor os seres vivos do ámbito que o rodea.
- ❖ Resolver problemas, na medida das súas posibilidades, interactuar co medio próximo.
- ❖ Coñecer algúns dos efectos que produce a súa actuación no medio.
- ❖ Iniciarse na comprensión dos sucesos que acontecen no medio sendo capaces de predicir progresivamente algunhas consecuencias.
- ❖ Respetar plantas, animais, obxectos...
- ❖ Orientarse nos espazos onde desenvolve a súa actividade cotiá na escola e no fogar.
- ❖ Empezar a situarse no tempo.
- ❖ Identificar e definir algúns membros dos primeiros grupos sociais, algúns profesionais, algúns elementos urbanos e naturais, algúns medios de comunicación e transporte e algunhas manifestacións culturais.
- ❖ Participar nos procesos colectivos que busquen manter a aula e os materiais limpos e ordenados, ao igual que os corredores e recreos do centro, a casa, a rúa...

**OS CONTIDOS** que a desenrolan son:

- Identificación de elementos da natureza: auga, sol plantas terra.....
- Observación e valoración das características e cambios dos seres vivos: as estacións,ciclo vital,etc.
- Observación do tempo atmosférico e os seus cambios.
- O coidado e respecto hacia os animais e as plantas . Os alimentos de orixe animal e vexetal.
- Coñecer e valorar profesións.
- Coñecer e valorar as festas populares arraigadas na nosa cultura.
- Resolución de conflitos mediante o diálogo.

As **ACTIVIDADES** que a desenvolven son:

- **Saídas ao entorno:** asociadas ao centro de interese traballado.relacionadas tanto coa natureza , animais e profesións.

- **Experiencias coas plantas:** a través da plantación dalgunhas sementes nun recanto da aula destinado a tal fin para a súa observación (efectos da luz solar ,necesidade de auga, crecemento . estudo das súas partes e valoración e coidado dos mesmos).
- **Manipulación do Calendario atmosférico** a través de tarxetas adhesivas que representan os distintos fenómenos atmosféricos e que o encargado do día colocará despois da observación directa .
- **Festas populares.** Recrear na aula e no centro coa participación activa de todos os alumnos de aquelas festas populares que permanecen arraigadas na nosa cultura, favorecendo a vivencia nelas e acercándonos a súa propia capacidade de percepción.(Samín, Magosto, Nadal, Maíos,....).
- **Banco da Paz.** Lugar ubicado no recanto das emocións da aula e adonde acuden a resolver os conflitos e as pequenas diferencias que poidan xurdir tanto na aula como fóra dela, mediante o diálogo e sen a intervención do docente .

### ➤ TRATAMENTO DE INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL.

Os alumnos de Educación Infantil xa comezan a familiarizarse co ordenador e con algúns dos seus usos.

Os **OBXECTIVOS** relacionados con esta competencia son:

- ❖ Adquirir os coñecementos, as habilidades, e as destrezas básicas necesarias para a utilización do ordenador dispoñible na aula, no centro ou na casa.
- ❖ Utilizar, de xeito guida, algúns xogos educativos de ordenador.
- ❖ Dominar sinxelos xogos interactivos de ordenador.
- ❖ Comprender a información integrándoa progresivamente nos esquemas de coñecementos previos.
- ❖ Comunicar a información e os coñecementos adquiridos mediante diferentes recursos e técnicas.
- ❖ Empezar a aproveitar a información facilitada polas novas tecnoloxías.
- ❖ Comezar a coñecer diferentes tipos de información e de linguaxes.

**OS CONTIDOS** que a desenrolan son:

- Achegamento ás producións audiovisuais como películas, debuxos animados ou videoxogos.
- Valoración crítica dos seus contidos e da súa estética.
- Distinción progresiva entre a realidade e a representación audiovisual.
- Iniciación do uso de instrumentos tecnolóxicos como ordenador, cámara ou reprodutores de soido e imaxe como elementos de comunicación.
- Toma progresiva de conciencia da necesidade dun uso moderado dos medios audiovisuais e das tecnoloxías e a comunicación.
- Iniciación no coñecemento e uso de instrumentos tecnolóxicos como cámara fotográfica, teléfono.... como elemento de comunicación.
- Concienciación progresiva da necesidade do uso de xeito moderado dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da Información e da Comunicación.

**AS ACTIVIDADES** que se levarán a cabo son:

- **Coñecemento dos elementos que integran o ordenador.** Este coñecemento dos elementos do ordenador (monitor, teclado rato, torre...) farase mediante tarxetas identificativas que nun primeiro momento presentarase xunto aos elementos do ordenador, logo mediante xogos e diferentes actividades comprobaremos o seus coñecementos e as súas funcións.
- **Manipulación do rato.** Instrumento de acceso a multitude de acceso a multitude de actividades e xogos. Debido ás características dos nenos/as de Educación infantil o rato é a mellor medio para que poidan utilizar o ordenador, ademais servirlle de ferramenta sinxela e útil para acceder a xogos e software propios desta idade.
- **Xogos simbólicos** . No recanto da aula os alumnos/as a través de xogos farán practicas do uso do teléfono e xunto coa elaboración da **axenda telefónica** tomarán conciencia das ventaxas dos medios de comunicación.

**Uso dos diferentes medios audiovisuales** (TV. DVD. vídeo, radio casete, etc) como soporte de diferentes actividades ao longo de todo o curso.

➤ **COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ**

A través da que coñeceran as formas de comportamento, e serán competentes para escoitar, respetar a quenda de intervención, presentarse, prestar axuda....etc.

Os **OBXECTIVOS** relacionados con esta competencia son:

- ❖ Saber escoitar os seus compañeiros e compañeiras e os adultos.
- ❖ Resolver os pequenos problemas que se lle formulan na súa vida cotiá utilizando o "diálogo".
- ❖ Saberse relacionar.
- ❖ Establecer vínculos e relacións construtivas cos compañeiros e compañeiras.
- ❖ Saber convivir e respetar os demais.
- ❖ Desenvolver actitudes de responsabilidade e de respecto cara aos compañeiros e compañeiras e cara a si mesmo/a.
- ❖ Coñecerse a si mesmo/a mostrando unha actitude positiva ante a vida e intentado previr os pequenos problemas da vida cotiá.
- ❖ Tolerar as opinións dos seus compañeiros e das súas compañeiras, aceptando que os demais teñen os seus propios puntos de vista.
- ❖ Coñecerse a si mesmo/a mostrando unha actitude positiva ante a vida e intentado previr os pequenos problemas da vida cotiá.
- ❖ Tolerar as opinións dos seus compañeiros e das súas compañeiras, aceptando que os demais teñen os seus propios puntos de vista.
- ❖ Rexeitar a desigualdade valorando, pouco a pouco, a diversidade como medio para o enriquecemento persoal e social.
- ❖ Comezar a desenvolver as habilidades necesarias para traballar en grupo.
- ❖ Desenvolver hábitos de comportamento axeitados e adaptados aos diferentes contextos nos que se desenvolve.
- ❖ Aceptar normas de convivencia.
- ❖ Coñecer algunhas obras artísticas e culturais do seu ámbito.
- ❖ Ser capaz de aceptar as diferenzas, as culturas, as crenzas, as características persoais,..., dos seus compañeiros e compañeiras.
- ❖ Comezar a compartir, colaborar, escoitar, prestar axuda, pedir axuda, participar, tolerar e aceptar as diferenzas.

**OS CONTIDOS** son:

- A familia: Composición da mesma e as relacións de parentesco.

- Respecto ás normas familiares.
- Tarefas dos membros da familia. Responsabilidade en tarefas sinxelas da casa.
- O colexio: nenos e adultos .
- Identificación dos espazos habituais do colexio: clase, servizos, patio e actividades que se realizan nelas.
- Comportamentos adecuados e inadecuados na rúa.
- Coñecemento e respecto das normas de convivencias tanto familiar como escolar. Normas básicas de educación vial.
- Participación activa en actividades sociais, culturais: Entroido, Nadal, Día da Paz , da arbore...etc.

#### **AS ACTIVIDADES** que as desenvolven son:

- **Normas de aula.** Que favorecen e regulan a convivencia entre o alumnado. Representarase graficamente e se ubicará nunha zona visible para que serva sempre de referencia.
- **Dramatizacións.** A través delas os nenos/as asumen e representan diferentes roles sociais que lles farán vivenciar distintas situacións reais e imaxinarias. Fomenta de forma lúdica a adquisición das habilidades sociais
- **Asambleas.** Favorecen o intercambio de opinións e criterios, estimulan a capacidade comunicativa do alumnado e enriquecen o vocabulario. Do mesmo xeito ,permiten poñer en práctica habilidades sociais asociadas ás normas que regulan o diálogo: respetar a quenda da palabra, pedir permiso para intervir, desenrolar a capacidade de escoita.....
- **Actividades de participación** conxunta do centro .

#### ➤ **COMPETENCIA CULTURAL E ARTISTICA**

Contribúe ao coñecemento, comprensión e valoración das manifestacións culturais e artísticas.

Os **OBXECTIVOS** relacionados con esta competencia son:

- ❖ Saber apreciar e a valorar as producións plásticas dos seus compañeiros e compañeiras.



- ❖ Comezar a utilizar diferentes medios de expresión musical, plástica, corporal, visual,..., para expresar ideas, sentimentos, desexos, preferencias, necesidades, emocións e intereses.
- ❖ Nas actividades plásticas realizadas en grupo, tomar conciencia da responsabilidade individual para a consecución dun resultado final e da importancia de apoiar e apreciar as contribucións dos demais membros do equipo da súa mesa.
- ❖ Desenvolver a imaxinación, a creatividade, a iniciativa persoal, a sensibilidade e o sentido estético.
- ❖ Coñecer algunhas manifestacións culturais e artísticas do seu ámbito.
- ❖ Comezar a desenvolver destrezas e habilidades para saber percibir e comprender producións artísticas e culturais.
- ❖ Comprender e representar imaxes con diferentes materiais plásticos.
- ❖ Utilizar o corpo como un elemento expresivo máis.

#### **OS CONTIDOS** son:

- Descubrimento das cores primarias: verde,rosa,branco e negro
- Realización de obras plásticas con diferentes materiais e técnicas.
- Recoñecemento de sons do entorno natural e social e de instrumentos musicais.
- Interpretación de cancións
- Realización de movementos de expresión corporal.:dramatizacións, baile e xogo simbólico
- Recoñecemento e participación nas actividades sociais e cultuais do entorno.

#### **AS ACTIVIDADES** que a desenvolven son:

- **Bits de intelixencias.** A través deles presentamos aos nenos/as diferentes obras de arte con seus correspondentes pintores, escultores , artistas etc.
- **Presentación de diferentes técnicas plásticas:** coloreado, con diversos materiais, picado recortado, repasar debuxos con rotulador , punteado, collage, estampación etc. Isto proporcionará nos nenos o gusto por experimentar con distintos materiais e fomentando igualmente a súa autoestima ao observar a súa obra.
- **Cancións e xogos tradicionais** .Achegamento aos nenos a eles proporcionámoslle o noso bagaxe cultural e os achegamos ao seu entorno sentíndose así máis seguros no mundo que lles rodea.
- **Coñecer e utilizar Instrumentos musicais**

Coa música non só desenrolamos o seu oído musical senón que os achegamos a outra expresión artística máis : as producións musicais e eles poden inventar calquera ritmo

### ➤ COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER

Esta etapa é fundamental para aprender disfrutando e facelo de forma eficaz e autónoma de acordo coas esixencias de cada situación.

Os **OBJECTIVOS** relacionados con esta competencia son:

- ❖ Resolver con progresiva autonomía os pequenos problemas que se lle formulan na súa vida cotiá.
- ❖ Sentir o desexo e a curiosidade por aprender.
- ❖ Empezar a coñecer as súas posibilidades e limitacións aprendendo a esforzarse e a superarse.
- ❖ Saber pedir axuda aos seus compañeiros e compañeiras e aos adultos sempre que o necesite.
- ❖ Basearse no que xa sabe para aprender cousas novas.
- ❖ Saber aplicar o que aprende para desenvolverse na vida cotiá.
- ❖ Comprender a información integrándoa progresivamente nos esquemas previos de coñecemento.
- ❖ Ser capaces de analizar, razoar e comunicar progresivamente as súas ideas de forma adaptada á idade.
- ❖ Desenvolver estratexias para favorecer o desenvolvemento da atención, a concentración, a memorización e a resolución de problemas.
- ❖ Observar, explorar e manipular obxectos.
- ❖ Aprender a aprender gozando.
- ❖ Comezar a respectar normas básicas sobre o traballo.
- ❖ Utilizar os recursos e materiais de forma axeitada.

**OS CONTIDOS** que a desenvolven son:

- Hábitos de organización, atención, constancia, observación e esforzo.
- Habilidades para establecer relacións de afecto e amizade.
- Nocións básicas de orientación espacial.
- Exploración e valoración das posibilidades perceptivas e motrices propias e alleas.

- Psicomotricidade: Actividade motriz, xogos con obxectos, circuitos e relaxación.
- Control postural do corpo e movemento. Grafomotricidade
- Comprensión, valoración, e aceptación das regras de xogo.
- Iniciativa e progresiva autonomía na realización de actividades da vida cotiá.
- Satisfacción pola realización de tarefas e a súa valoración.

#### **AS ACTIVIDADES** que a desenrolan:

- **Actividades nos distintos recantos.** A información que en eles se atopa ofrece unha organización da actividade en pequenos grupos, o que favorece unha interacción máis cercana alumno/a. Compartir determinados materiais e xogos, estruturar o xogo a levar a cabo tendo en conta unhas normas de uso, posibilita poñer en práctica o aprendido e adquirir maior conciencia delo. As actividades dos recantos poden estar predestinadas ou ben poden recrearse de forma espontánea por parte dos rapaces, sempre guiadas e observadas por a docente.

#### ➤ **COMPETENCIA EN AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSONAL**

Esta competencia constrúese dende o coñecemento de si mesmo e manifestase mediante o uso do seu propio corpo, cada vez con máis eficacia.

Os **OBXECTIVOS** relacionados con esta competencia son:

- ❖ Ser responsables coas pequenas decisións que toma.
- ❖ Ser cada vez máis responsable, perseverante, autocrítico, con iniciativa persoal, creativo...
- ❖ Ser capaz de empezar a buscar solucións aos pequenos problemas que se lle formulan na súa vida cotiá.
- ❖ Desenvolverse axeitadamente con autonomía progresiva e iniciativa persoal nos diferentes ámbitos da vida.
- ❖ Desenvolver habilidades sociais: respecto polas opinións e necesidades dos demais, capacidade de diálogo e de traballo cooperativo, tolerancia.
- ❖ Identificar as propias emocións e as dos demais.
- ❖ Ir coñecéndose progresivamente a si mesmo/a.
- ❖ Continuar desenvolvendo a autoestima e a confianza en si mesmo/a.

- ❖ Mostrarse seguro da súa propia eficacia á hora de manexar útiles, de contribuír nas rutinas cotiás de alimentación, aseo, descanso e vestido e de abordar novas tarefas, asumindo pequenos riscos que poida controlar.

**OS CONTIDOS** que a desenvolven son:

- Exploración do propio corpo: esquema corporal
- Sensacións e percepcións.
- Identificación e manifestación de sentimentos propios e alleos.
- Autoestima: identificación e valoración de características persoais.
- Lateralidade: estimulación sensorial.
- Práctica de hábitos saudables .hixiene corporal, alimentación completa, descanso.
- Utilización adecuada de espazos, elementos e obxectos.
- As actividades da vida cotiá. Iniciativa e progresiva autonomía no seu desenvolvemento.
- Hábitos de organización, constancia, atención, observación e esforzo.
- Habilidades de colaboración para establecer relacións de afecto e amizade.
- Satisfacción por realizar tarefas e valoracións.

**AS ACTIVIDADES** que a desenrolan son:

- **Cargos de aula. Funcións.**

Os cargos de aula simbolizan e concretan a distribución das distintas responsabilidades a asumir por o alumnado, de maneira efectiva e asociándoos a funcións definidas. Estes cargos convén representalos de forma gráfica para evitar disputas entre o alumnado.

- **O meu colexio ten....**

Esta actividade implica a realización de un pequeno plano onde se simbolizan as dependencias máis significativas do colexio para os alumnos de Educación Infantil Centro .

- **Panel das emocións:**

Lugar onde baixo a foto dos alumnos se ubican dous círculos que representan as emocións de alegría e tristeza, cada neno/a, ao entrar na aula cada día colocará no panel o círculo que representa o seu estado de ánimo; na asemblea abordarase o tema, incidindo nos sentimentos de amizade e colaboración.

## PROXECTOS

Traballaremos PROXECTOS relacionados cos intereses que xurdan ao longo do curso por parte do alumnado e, como o que buscamos é desenrolar proxectos de investigación na clase e que a PARTICIPACIÓN do alumnado sexa en todas e cada unha das fases do proxecto ensinanza-aprendizaxe, incluída a planificación e a toma de decisións, debemos, ás veces, facer suposicións de cómo responderán os alumnos/as e os resultados que poidamos obter. Entendemos esta programación como un plan de traballo que iremos reorientando segundo as necesidades, intereses e subxestións do alumnado.

Por outro lado, temos que destacar que estamos falando de tarefas e non de actividades ao preparar esta programación. Facemos esta diferenciación para destacar que o que se plantexa son tarefas abertas que se desenrolan ao través de diferentes actividades por distintos alumnos. As tarefas poden ser entendidas como problemas abertos que distintos alumnos/as (recordamos que estamos traballando con grupos heteroxéneos) haberán de solucionar de maneira creativa aportando solucións de acordo co seu propio nivel psicoevolutivo, características persoais, intereses ou necesidades co apoio do grupo. Deste xeito é como se levan á programación e polo tanto á aula os conceptos de inclusión, atención á diversidade ou outros máis técnicos como zona de desenrolo próximo, aprendizaxe significativa,...

Os proxectos empezan na asemblea e é a asemblea quen ten que desenrolalo. As titoras propoñen, orientan, facilitan, median e fan a análise curricular das propostas da asemblea. Isto non debe significar unha maneira de programar anárquica, onde o currículo pérdese nas propostas dos alumnos/as que o descoñecen, se non como un sistema no que a mestra sabe aproveitar os intereses e necesidades do alumnado para destacar e realmente implementar o currículo legalmente establecido. A secuencia xeral dos proxectos que nos xurdan ao longo do curso seguirá os seguintes pasos:

ASAMBLEA	ACCIÓN	ASAMBLEA
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Proponse ao grupo a situación de partida, pode ser o alumnado ou o profesorado.</li> <li>• Que podemos facer</li> <li>• Que queremos aprender</li> <li>• Como o imos facer</li> <li>• Como o imos avaliar</li> <li>• <b>DESEÑO CONXUNTO DO PROXECTO</b></li> </ul>	<p>Realizamos o proposto na asemblea</p>	<p>Valoramos o traballo feito.</p> <p>Propoñemos novas accións.</p>

<b>PROXECTO: FASES DO PROXECTO E ACTIVIDADES A REALIZAR EN CADA UNHA ELAS</b>		
<b>1ª ) MOTIVACIÓN</b>	Actividades de motivación	<b>Conversación grupal:</b> - ... - ...
<b>2ª)ESTABLECEMENTO DE IDEAS PREVIAS E PLANIFICACIÓN</b>	Actividades de coñecementos previos. (Planificación)	<b>“ ¿Que sabemos de .....?”</b> - Experiencias pessoais previas - Coñecemento previo por parte da familia, do neno/a,... <b>“ ¿Qué queremos saber? ”</b>
<b>3ª) BÚSQUEDA DE INFORMACIÓN</b>	Actividades para obter e recopilar a información.	- Preguntar á familia, veciños,... - Recopilar información que teñan nas súas casas. - Buscar información en biblioteca, museos,... - Buscar información en internet... - Consultar con organismos oficiais...
<b>4ª) ORGANIZACIÓN DO TRABALLO</b>	Selección e clasificación dos materiais e datos. (Organización)	- Recopilar datos, seleccionar información en distintos formatos, clasificalos e organizalo, poñelo en común, elaboración de : presentacións de Power Point, gravacións, fotografías, murais, libros viaxeiros, exposicións,...
<b>5ª) REALIZACIÓN E DESENVOLLO</b>	Actividades de desenvolto e profundización, de ampliación e reforzo.	- Realización dunha pequena exposición cos materiais aportados. - Exposicións e posta en común de todas as medidas e conclusións, para facer un documento final cun resumen das conclusións principais.
<b>6ª) RECOPIACIÓN, EXPRESIÓN E COMUNICACIÓN DE CONCLUSIÓN</b>	Actividades de síntese.	- Elaboración dun dossier con todos os traballos realizados. - Realización de murais coas fotografías e cadros alusivos ao tema. - Presentacións en Power Point. - Realización libros viaxeiros,...
<b>7ª) AVALIACIÓN</b>	Actividades de avaliación	-Avaliación inicial – punto de partida- analizaremos tanto en grupo como de maneira individual as necesidades de traballo.. - A avaliación inicial condiciona a aval. continua e final, non tanto no plantexamento, se non en definir a que punto queremos chegar: que

	<p><i>queremos saber, que queremos saber facer.</i></p> <p><i>-Outro momento será no desenrolo das tarefas, no transcurso das cales tanto as mestras como os alumnos/as avaliarán as pequenas metas propostas. Os documentos fundamentais de avaliación serán os dossiers pessoais e as realizacións grupais.</i></p> <p><i>- Avaliación final – todas as tarefas serán avaliadas, deste xeito imos desenrolando pouco a pouco a COMPETENCIA BÁSICA “aprender a aprender.</i></p>
--	---

### TEMPORALIZACIÓN

As actividades de ensino-aprendizaxe temporalízanse en torno a proxectos trimestrais que partirán dos intereses que xurdan, no seu momento, do noso alumnado, garantíndose unha progresión dos contidos e adaptándoos ao nivel madurativo do alumnado. O noso plan de traballo irase reorientando segundo as necesidades, intereses e subxestións do alumnado.

Contaremos en todo momento cos recursos educativos dispoñibles no centro: ordenadores, biblioteca,... como complemento ao proceso de ensino-aprendizaxe.

Ademáis, tamén podemos contar con recursos aportados polas familias, dependendo do proxecto que estemos traballando.

Contémplanse tamén actividades que responden a todos os aspectos temporais que suceden durante o curso: festividades, estacións, días especiais, conmemoracións...

### PERIODO DE ADAPTACIÓN E ACOLLIDA

Os primeiros días de clase supoñen o encontro coa dinámica escolar, os espazos do colexio e o axuste das actividades dos pequenos ás rutinas do centro.

O alumnado de 5º El deberá afacerse de novo a compartir espazos e actividades cuns compañeiros e un profesorado aos que hai tempo que non ven ou que, nalgúns casos, non coñecen.

Tamén contamos con alumnado de tres anos, para o cal se establecen condicións que facilitan os primeiros contactos co centro educativo:

- Facilitamos a flexibilidade do horario: os primeiros días permanecerán na aula ata a hora do recreo ( sobre unha hora e media), para ilo aumentando pouco a pouco ata conseguir a permanencia durante toda a xornada, prevista para o 1 de outubro.
- Prolongación do tempo de recreo.

Durante este período procuraremos que os nenos e nenas se vaian adaptando á vida escolar. Ofreceremos xogos para que a entrada no colexio se realice dunha maneira alegre e divertida e para que axuden ós pequenos e ás pequenas a tomar confianza co contorno e cos seus novos compañeiros e compañeiras así como co mestre e a mestra. Aproveitaremos para que os menores se vaian familiarizando cos materiais, cos espazos da clase, coa dinámica do grupo, coas rutinas diarias...

Conseguir que o neno ou a nena se integren e participen no ambiente escolar será unha tarefa onde a familia e nós, como educadores, xogaremos un papel primordial. Neste obxectivo común, a coordinación e a cooperación serán especialmente importantes.

Desde o punto de vista dos educadores, para que a adaptación ao Centro e á rutina escolar sexa o máis rápida posible, crearemos un marco de seguridade e confianza na aula, garantindo unha atención individualizada a cada neno e nena en concreto e reforzando a súa confianza en si mesmo e nas súas capacidades.

A programación das primeiras semanas vai enfocada a actividades adaptadas á adquisición das rutinas básicas por parte do novo alumnado e ao seu recordo polo alumnado que xa estivo no cole o curso anterior. Nestas semanas adicarémosnos a organizar a actividade escolar e a indicar nas normas que se deben cumprir ao longo curso.

### ACTIVIDADES, RUTINAS E ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Na planificación das **actividades diarias** realizadas ao longo da xornada buscamos o equilibrio entre a necesidade de respectar os ritmos fisiolóxicos individuais (descanso, alimentación, actividade,...) e a conveniencia de manter unhas rutinas diarias que lles poidan servir de marco de referencia para interiorizar as primeiras secuencias temporais. Para a temporalización das actividades diarias tense en conta:

- Partir do momento evolutivo dos nenos do grupo, axuntando as tarefas ás súas posibilidades de atención e traballo.
- Manter unha secuencia de ritmos e rutinas equilibrada.



- Cubrir as necesidades e intereses do grupo-clase.
- Contemplar os ritmos individuais de cada alumno.
- Axeitar as tarefas á distribución espacial e recursos materiais.

Polo tanto, as actividades de ensino-aprendizaxe seguen unha secuencia de rutinas, contemplando tempos específicos para as seguintes actividades:

- Actividades de inicio de xornada (asamblea, encargados, tempo, día,...)
- Tempo de traballo individual
- Tempo de rincóns
- Tempo de traballo en grupo (contos, cancións, rimas, actividades plásticas,...)
- Tempo de actividades motrices.

#### Actividades de inicio da xornada:

- Fomentar mediante o recordo e a práctica os hábitos e normas racionadas coa situación sanitaria actual.

##### OBXECTIVOS:

- Adquirir hábitos relacionados co coidado e protección da saúde
- Asumir e cumprir as “novas” normas de hixiene e comportamento derivadas da situación sanitaria que atravesamos.

- Sacar os chaquetóns ou abrigos e poñer os MANDILÓNS.

##### OBXECTIVOS:

- Desenvolver a autonomía persoal.
- Desenvolver a motricidade fina (abotoar/ desabotoar,...)

- Nomear @s ENCARGAD@S para esta xornada, un para cada tarefa.

##### OBXECTIVOS:

- Aprender a respectar o turno.
- Mellorar a capacidade de atención.

- Mirar o TEMPO que vai e poñe-lo no seu cartel correspondente.

##### OBXECTIVOS:

- Observar os cambios na natureza.

- Poñer o **DÍA DA SEMANA** e do **MES**

**OBXECTIVOS:**

- Avanzar na consecución da noción de tempo.

- **FICHAR.** @ alumn@ encargad@ colocará a etiqueta de cada nen@ no colexio ou na casa, segundo corresponda, e logo contabiliza o número de alumn@s que están no colexio e os que faltan, diferenciando os sexos e facendo a suma dos dous.

**OBXECTIVOS:**

- Aprender a respectar o turno.
- Discriminar o seu nome e o d@s seus compañeir@s.
- Asociar número e cantidade.

- **Regamos as PLANTAS e damos de comer ós ANIMAIS** (se contamos con algunha mascota na aula).

**OBXECTIVOS:**

- Crear hábitos de coidado e respecto á natureza.
- Responsabilizarse da realización de determinadas tarefas.

- **DIÁLOGO** sobre o ocorrido o día anterior ou sobre outros temas.

**OBXECTIVOS:**

- Desenvolver a capacidade de atención.
- Aprender a respectar o turno para falar.
- Desenvolver a expresión oral.

**Outras actividades:**

De igual forma, hai unha serie de actividades que realizaremos diariamente, sexa cal sexa a unidade didáctica que traballemos, e por tal condición podemos, igualmente, consideralas como rutinas. Estas son:

- A **MERENDA**, a media mañá:

**OBXECTIVOS:**

- Favorecer o proceso de autonomía e desenvolvemento persoal e social.
- Valorar a importancia dunha dieta equilibrada.
- Desenvolver hábitos relacionados ca alimentación.

- **LAVARÉMOS AS mans** como mínimo 5 veces a día, sempre antes e despois de merendar e antes de ir xantar. Logo segundo vaia demandando o día a día; poderemos alenrar este lavado co emprego de xel hixienizante.

**OBXECTIVOS:**

- Desenvolver hábitos de orde e hixiene.
- **NARRACIÓN DUN CONTO.** As técnicas que utilizaremos variarán segundo os días:
  - escoitar o conto sen apoio de imaxes visuais.
  - Ver o conto ó tempo que lle imos contando o que ocorre.
  - escoitar o conto gravado (con ou sen apoio visual).
  - Contos dramatizados con diversos tipos de marionetas.
  - Libros de imaxes.
  - ...

Sexa cal sexa a forma na que narremos o conto, adicaremos un tempo ó diálogo.

**OBXECTIVOS:**

- Desenvolver a capacidade de atención.
- Desenvolver a comprensión e a expresión verbal.
- Desenvolver a capacidade de secuencialización.
- Desenvolver os conceptos antes/despois.
- **CANCIÓNS e/ou RIMAS.** En distintos momentos da xornada escolar. Serven, entre outras cousas, para cambiar o ritmo entre unha e outra actividade.

**OBXECTIVOS:**

- Desenvolver a memoria.
- Participar no canto en grupo.
- Seguir o pulso dunha canción.
- Desenvolver o sentido do ritmo.
- Distintos **XOGOS** de CONSTRUCCIÓN, PUZZLES, DOMINÓS, XOGOS DE ASOCIACIÓN, XOGO SIMBÓLICO...

**OBXECTIVOS:**

- Desenvolver a orientación espacial.
- Desenvolver a creatividade.

- Mellorar a percepción.
- Avanzar no proceso de socialización
- **OBSERVACIÓN e MANIPULACIÓN** de distintos elementos.

**OBXECTIVOS:**

- Avanzar no coñecemento do mundo que o rodea.
  - Desenvolver a capacidade de atención.
  - Mellorar a capacidade de observación.
- 
- **“XOGOS” de LECTOESCRITURA**

**OBXECTIVOS:**

- Iniciarse na aprendizaxe da lectoescritura.
- 
- **EXERCICIOS DE PSICOMOTRICIDADE.** A miúdo realizaremos exercicios de psicomotricidade, a través de movementos suxeridos por rimas ou cancións ou ben a través de circuítos montados para tal fin.

**OBXECTIVOS:**

- Avanzar no desenvolvemento psicomotor.
- 
- **RECOLLER** ordenadamente tódolos útiles de traballo e os xoguetes, deixando cada cousa no seu lugar antes de empezar unha nova actividade ou antes de saír.

**OBXECTIVOS:**

- Espertar o gusto polo orde e a limpeza
- Desenvolver hábitos de traballo.

Dadas as características do alumando deste ciclo, as **actividades** programadas para realizar ao longo do curso para os diferentes **centros de interese** e **proxectos** serán sempre globalizadas. Procurarase asimesmo que exista un equilibrio no tempo e no modo de levar á práctica estas actividades. Deste xeito, desenvolveranse nos diferentes niveis actividades colectivas en gran grupo, de pequeno grupo e individuais.

**Actividades de gran grupo** (aínda que constituímos un grupo de convivencia estable, procuraremos nestas actividades empregar a máscara e manter certa distancia, tento en conta tamén a dificultade das pequenas para estar certo tempo sen moverse)

- Observación do tempo atmosférico.
- Observación do calendario: día da semana, mes e número, día festivo ou laborable.
- Traballos de lectura e escritura: identificación do nome do encargado, recoñecemento da inicial, comparación de nomes curtos e longos, comparación da letra inicial coas dos outros nenos e nenas, busca de palabras coas mesma letra inicial ou final.
- Conversación sobre un tema concreto, vivencias persoais, tema da quincena, observando as láminas motivadoras ou con outros materiais.
- Resolución de problemas.
- Respetar o turno de palabra nunha conversa, normas de convivencia sociais e de cortesía.
- Actividades de comprensión de contos tradicionais ou da quincena e de expresión oral e-ou artística.
- Xogos da linguxe oral: poesías, adiviñas, trabalinguas,...
- Dramatización e seriación de contos.
- Realización de agrupamentos, seriacións, clasificacións,...
- Asociación de grafías numéricas a diferentes grupos de obxectos.
- Actividades colectivas de psicomotricidade: desprazamentos, equilibrios, control de movementos, relaxación, xogos con distintos materiais (aros, pelotas, cordas, colchonetas,...), respectando as regras do xogo,...
- Actividades de organización espacial con respecto a si mesmo ou a un obxecto.

**Actividades en pequeno grupo** (correspóndense cos subgrupos feitos dentro do grupo estable de convivencia)

- Actividades nos recantos de aprendizaxe, distribuídos en:
  - o Xogo simbólico: casiña, bonecos, supermercado,...
  - o De construción: puzzles, ensartar, bloques lóxicos, pezas de construción,...
  - o Biblioteca: lectura de contos, folletos, láminas, fotografías, secuencias de contos,...
  - o Expresión: modelado en plastilina, coloreado con pinturas, escritura no ordenador, escritura de letras, números, picado, recortado,...

**Actividades en parellas** (dos mesmos subgrupos)

Empregaremos este tipo de actividades e metodoloxía sobre todo para o traballo de lectura e escritura, sendo actividades do tipo seguinte:

- Observación e discriminación dos seus nomes.
- Observación e discriminación dos nomes dos compañeiros.
- Escritura, de distintas formas, dos nomes dos compañeiros ou de palabras moi significativas, protagonistas dos contos,...
- Observación da escritura do título de contos coñecidos.
- Observación das palabras do título de contos coñecidos.
- Observación de periódicos e escritura con posterioridade de pés as fotografías.
- Observación de folletos e rótulos publicitarios e asociación de debuxos cos seus nomes.
- Escritura de palabras significativas, listas,...

### **Actividades individuais**

Este tipo de actividades serán sobre todo de resumo das aprendizaxes das actividades colectivas. Trátase de fichas elaboradas pola titora para traballar diversas aprendizaxes ou ben para reforzar ou ampliar ditas aprendizaxes. Estas actividades adaptaranse ao nivel e ritmo de cada alumno.

### **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

As actividades complementarias e extraescolares son aquelas que se realizan en horario lectivo co alumnado e teñen un carácter diferenciado polos recursos, espazos,... que nelas se utilizan.

Neste sentido ademais das actividades mencionadas anteriormente, participaremos das actividades complementarias e extraescolares propostas polo centro, de selo caso que se celebren.

De igual forma, ao longo do curso se é posible realizaremos algunha saídas, que se determinarán segundo as posibilidades do momento.

A incorporación das competencias básicas no currículo supón partir do principio de “aprender a aprender” e “aprender facendo”. Isto implica unha metodoloxía baseada no principio de aprendizaxe significativa, que transfira situacións da vida real e que implique unha resolución de problemas da práctica. Polo que debemos ter en conta unha serie de aspectos:

- Detectar os coñecementos previos do alumnado para poder realizar a intervención axeitada.
- Conectar cos seus intereses e necesidades.
- Propoñer actividades atractivas dabondo para que aprecien a finalidade e utilidade dos novos contidos.
- Presentar situacións non moi afastadas nin excesivamente próximas ás súas experiencias para provocar un conflito cognitivo que actúe como resorte para que os nenos e nenas propoñan solucións para cada situación.

Para conseguir, polo tanto, que as aprendizaxes dos nenos e nenas sexan significativas é imprescindible establecer unha metodoloxía comunicativa, inclusiva, activa e participativa.

Guiarémonos dunha **perspectiva globalizadora**; o que implica achegarnos á realidade baixo unha intención totalizadora en canto aos elementos que a compoñen; pretendemos estimular todas as capacidades, físicas, afectivas, sociais e intelectuais, dunha forma global. De ahí a importancia de estimular a curiosidade, cooperación, participación,... é dicir a **motivación** do alumnado cara a aprendizaxe.

A **actividade** será a principal fonte de aprendizaxe e desenvolvemento na presente programación, pois os máis pequenos precisan facer, manipular, experimentar,... estimulando, ao mesmo tempo, a súa creatividade, imaxinación e capacidade de observación. A ensinanza ten que ser activa, e darémoslle tempo e ocasións para que o alumnado participe e sexa o protagonista da súa propia aprendizaxe. Fomentaremos a creatividade e o desenvolvemento da imaxinación e da capacidade de observación.

Contemplaremos unha proposta de actividades individuais e de grupo, nas que o alumnado poida desenvolver as súas capacidades de manipular, explorar, observar, experimentar, crear,... que lles permitan aplicar e construír os seus propios coñecementos.

Unha das principais fontes de aprendizaxe será o **xogo**, dotándose de carácter lúdico todas as actividades e evitándose en todo momento a división entre xogo e traballo xa que o xogo é o traballo dos nenos e nenas, sendo o seu vehículo para relacionarse e aprender a realidade que os rodea.

A **interacción** con outros nenos e nenas constitúe un recurso metodolóxico importante que nos axuda no seu proceso social, afectivo e intelectual.

Debemos tamén ter en conta o principio de **socialización**. Hai que contribuír a superar o egocentrismo que caracteriza ao noso alumnado, tendo en conta:

- Potenciaremos a aprendizaxe de comportamentos e normas, así como a compartir, respectar, participar,... en definitiva, a relacionarse cos demais.
- Valoraremos constantemente a participación, o compañerismo, a axuda e o respecto cara os demais,... de forma que os pequenos se sintan inclinados a repetir estes comportamentos que lles proporcionan gratificacións afectivas.

A participación da familia na escola é fundamental, pois as aprendizaxes a esta idade están centradas nas súas vivencias, nas rutinas da vida cotiá. Debe existir unha continuidade entre o que fan dentro da escola e o que fan fóra dela. Neste sentido establécense entre a familia e a escola criterios e pautas de actuación para favorecer o proceso de aprendizaxe e o desenvolvemento da personalidade dos nenos e nenas. Os pais estarán informados sobre aspectos educativos importantes que se van traballar cos seus fillos e proporcionaráselles información sobre todo o que crean conveniente relativo aos seus fillos e fillas.

Ademáis destes principios metodolóxicos compre ter en conta a organización espacio-temporal, axustándose á realidade do centro, do entorno e dos alumnos.

En canto á **organización do tempo**, esta debe respectar as necesidades do noso alumnado. Polo tanto, contemplamos tempos de actividade e descanso, tempos para o xogo espontáneo e o dirixido, tempos de actividades individuais e grupais, adaptándonos e respectando os ritmos de maduración, desenvolvemento e aprendizaxe individuais.



Ao mesmo tempo, hai que ter en conta que os nenos e nenas están dotados dunhas rutinas ou ritmos diarios que lles serven de marco de referencia para a interiorización das primeiras secuencias temporais, polo que se fai necesario manter unhas constantes temporais: saúdo ao entrar, hora da merenda, lavado de mans, posta en común, despedida,...

En canto á **organización do espacio** é fundamental que os nenos e nenas o perciban como algo seu, para sentirse seguros, situarse nel, relacionarse co seu medio e cos demais e construír progresivamente a imaxe do entorno. A distribución da aula adaptarase ás súas necesidades e permitirá que se despracen con facilidade, accedendo libremente aos diferentes espacios.

Dispoñemos de espacios propios e de espacios de uso común, para compartir, para estar sós e para relacionarse cos demais; favorecerase a integración, a manipulación de obxectos, a observación,... Fixaremos tamén recunchos e talleres para o xogo, actividades plásticas, construcións,... cos que o alumnado se familiarizará e poderá traballar o máis autonomamente posible, algúns dos cales serán fixos e outros mudarán en función da unidade didáctica traballada.

De producirse a necesidade de ENSINO NON PRESENCIAL seguiríanse as directrices do plan de continxencia do centro. En calquera caso empregaremos a aplicación CLASSDOJO e a aula virtual, estas serán as principais canles de comunicación coas familias no caso do ensino non presencial. De tódolos xeitos, ditas canles están tamén en funcionamento no ENSINO PRESENCIAL, ademais do blogue que temos para o equipo de infantil ([vagalumesdaponte.blogspot.com](http://vagalumesdaponte.blogspot.com))

## MATERIAIS E RECURSOS

Os materiais dispoñibles será o máis diversos posibles permitindo grados de uso moi diversos en función das necesidades de cada situación e momento, respondendo en todo momento ás necesidades de seguridade e manipulación por parte do alumnado.

Aproveitaremos os elementos do medio natural e sociocultural, que favorecerán o interese dos pequenos por explorar e experimentar.

Os materiais didácticos deben responder ás necesidades do alumnado e aos proxectos de traballo que se realizarán. Os elementos seleccionados permitirán a multifuncionalidade e

posibilitarán a acción individual e colectiva. Han de incitar á exploración, investigación e recreación de situacións e experiencias variadas. Procuraremos empregar materiais que o alumnado poida atopar na súa vida diaria e que poidan permitir diversos niveis de resolución das actividades de aprendizaxe. Prestaremos especial atención ao uso de elementos que proveñan do contorno familiar do alumnado. De igual xeito, procuraremos recuperar e reciclar materiais cotiás para transformalos en materiais didácticos.

Os diferentes espacios organizaranse en funcións dos materiais, procurando a liberdade de movementos, comodidade, accesibilidade,...

Contaremos en todo momento cos recursos educativos dispoñibles no centro: ordenadores, biblioteca,.... como complemento ao proceso de ensino-aprendizaxe.

### MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A concepción da escola como grupo humano implica a aceptación da diversidade do alumnado. Esta aceptación supón, por parte dos docentes, unha análise e reflexión sobre o seu grupo, así como a aceptación dos diferentes intereses, capacidades, necesidades, motivacións e estilos de aprendizaxe.

Esta aceptación implica non só atender ditas diferencias individuais, senón tamén poñer en xogo os elementos organizativos (materiais, espazos, agrupamentos, horarios, estratexias,...) en aras a cubrir as necesidades educativas –específicas ou non- de cada suxeito considerado individualmente.

Consecuentemente, para dar resposta a tódolos alumnos e alumnas artellaremos e empregaremos estratexias como:

- Modificación do tempo das aprendizaxe; ademais, as fichas de cada unidade non presentan orde de paxinación, para adaptalas á realidade educativa da aula e do alumnado.
- Adecuación da axuda pedagóxica.
- Adecuación da metodoloxía: os diversos tipos de aprendizaxe (individual, grupal,...) propician o carácter cooperativo da aprendizaxe e o acceso ás zonas de desenvolvemento próximo.
- Adecuación das actividades ás diferencias individuais do alumnado.

Polo tanto realizaranse actividades de reforzo e/ou ampliación, tendo en conta que unha mesma actividade pode ser considerada como reforzo nun contexto escolar ou para un alumno determinados e como ampliación noutro contexto ou para outro alumno.

De igual forma, tamén contamos con recursos didácticos para o desenvolvemento da linguaxe, actividades relacionadas co ámbito musical e que, en todo momento, se require e precisa a colaboración da familia como complemento para a atención á diversidade.

### **AVALIACIÓN. PROCEDEMENTOS, INSTRUMENTOS E CRITERIOS**

A avaliación é un elemento curricular fundamental e inseparable da práctica educativa, que ten como fin recoller permanentemente información para axustar os procesos de ensino-aprendizaxe e contribuír á mellora da calidade do ensino. Implica tanto ao alumando como ao propio sistema educativo no seu conxunto e a todos os profesionais que toman parte no proceso de ensino-aprendizaxe.

Non debe ser considerada como instrumento de medida, senón como un elemento inseparable do proceso educativo que contribúe a mellorar a actividade educativa.

Atenderá a todos os ámbitos da persoa e terá en conta a singularidade de cada alumno e de cada alumna. Analizará o seu proceso de aprendizaxe, as súas características e as súas necesidades específicas. Subministraranos datos que nos axudarán a entender os procesos seguidos polos nenos e nenas.

Ten un carácter procesual e continuo, polo que estará presente, de forma sistemática, no desenvolvemento de todas as actividades e non só en momentos illados e concretos.

A avaliación será **global** en tanto que afecta a todos os aspectos implicados no feito educativo coas interrelacións que se establecen entre eles; será **continua** porque se avalía de forma sucesiva ao longo de todo o proceso; será **formativa** porque nos permitirá coñecer os cambios producidos ao intervir con novos axustes; e será **aberta** porque se adaptará aos diferentes contextos.

Terá en conta os obxectivos fixados, os contidos curriculares dos distintos eidos de aprendizaxe e todos os criterios de avaliación establecidos: criterios de avaliación inicial, de avaliación final de nivel, de avaliación trimestral e de cada unidade didáctica.

Tras o período de adaptación de acollida realizaremos unha avaliación para analizar o grado de adaptación do pequeno ao colexio.

Realizaremos unha avaliación **inicial** ao comezo de cada secuencia de aprendizaxe, pois permitíranos determinar os coñecementos previos con que os nenos e nenas se inician en ditas secuencias e posibilitar, deste xeito, a construción de aprendizaxes significativas. Para que o proceso de aprendizaxe do alumnado teña os mellores resultados e coñecer a situación concreta de cada alumno ao finalizar cada unidade didáctica realízase un seguimento de cada neno a través de diferentes indicadores ou criterios de avaliación. Desta maneira e a medida que avanza o curso podemos valorar os progresos do alumnado, dificultades e progresos co fin de reorientar o seu percorrido e coñecer en que momento se atopa a súa aprendizaxe. Este seguimento servirános, asemade, para realizar a avaliación **final** e o informe do **trimestre** para as familias.

Tamén realizaremos unha **avaliación anual** (avaliación de nivel) na que acopiaremos datos recollidos ó longo de toda a avaliación continua, aspectos significativos do desenvolvemento e aprendizaxe de cada neno ou nena e, se é o caso, as medidas de reforzo levadas a cabo.

Ademais, tamén hai que levar a cabo unha **avaliación trimestral** na que se analizarán datos recollidos a través da avaliación continua e que nos permitirá conformar un informe trimestral e cubrir os boletíns de información para as familias.

A información proporcionada ás familias terá un carácter cualitativo, resaltándose os progresos e os logros dos nenos e nenas nas distintas áreas; agora ben, as familias serán informadas dos progresos, pero tamén das carencias e dificultades dos seus fillos.

Obxecto de avaliación tamén serán os procesos de ensino aprendizaxe e a propia práctica docente. Esta avaliación terá un carácter tamén continuo e formativo e fará referencia a aspectos tales como a adecuación das programacións, dos obxectivos e contidos, do clima establecido, da optimización das condicións organizativas, recursos dispoñibles, relación coas familias,....

De entre os **procedementos** de avaliación, a observación directa e sistemática é a técnica máis apropiada, permitíndonos realizar un seguimento ao longo do proceso educativo, valorando e axustando a nosa intervención educativa en cada momento.

Outros procedementos que empregaremos con frecuencia son:

- Diálogos cos nenos e nenas.
- Valoración das actividades realizadas. Análise de traballos individuais, de expresións plásticas, dramáticas, musicais, orais,...
- Observación do comportamento dos nenos e nenas.

- Valoración das actividades realizadas
- Reunións periódicas co resto do profesorado que imparte docencia no grupo.

Para dar cumprimento ao sinalado anteriormente contamos seguintes **instrumentos** de avaliación:

- Diario docente
- Informe diario
- Entrevistas coas familias.
- Rexistro diario de incidencias.
- Probas escritas, probas orais, traballos individuais.
- Rexistro de avaliación individual ao final de cada Unidade Didáctica
- Rexistro de avaliación da propia práctica educativa.

Segundo pois, o establecido para a avaliación a continuación recóllense os **criterios** de avaliación.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN INICIAL

4º EDUCACIÓN INFANTIL	5º EDUCACIÓN INFANTIL
<p><b>CAPACIDADES</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✚ Identificar a imaxe global do corpo.</li> <li>✚ Manter o equilibrio nas posturas e nos desprazamentos.</li> <li>✚ Manifestar habilidades manipulativas, como pinza-presión e rotacións.</li> <li>✚ Expresar as súas necesidades de saúde.</li> <li>✚ Manifestar cando quere xogar.</li> <li>✚ Expresar as súas necesidades de relacións cos demais.</li> <li>✚ Saber o propio nome.</li> <li>✚ Realizar o que se lle pide nas mensaxes orais.</li> <li>✚ Utilizar as conversacións sociais para pedir, saudar e despedirse.</li> <li>✚ Utilizar a linguaxe oral para comunicarse cos demais.</li> <li>✚ Empregar a linguaxe corporal para comunicarse.</li> <li>✚ Interpretar imaxes do contorno.</li> <li>✚ Recoñecer algunhas formas e tamaños dos obxectos.</li> </ul>	<p><b>CAPACIDADES</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✚ Identificar a imaxe global do corpo.</li> <li>✚ Coñecer os principais segmentos corporais.</li> <li>✚ Manifestar un axeitado control da postura.</li> <li>✚ Expresar as propias necesidades.</li> <li>✚ Indeficiar e expresar os seus sentimentos e emocións.</li> <li>✚ Ter unha xeitada coordinación visomanual.</li> <li>✚ Adaptarse sen dificultade aos ritmos e rutinas escolares.</li> <li>✚ Identificar os obxectos da aula.</li> <li>✚ Identificar os membros da súa familia.</li> <li>✚ Recoñecer algunhas características dos animais e plantas da contorna.</li> <li>✚ Empregar e escribir os números do 1 ao 3.</li> <li>✚ Discriminar os círculo, cadrado e triángulo.</li> <li>✚ Clasificar obxectos atendendo a unha calidade: forma, cor ou tamaño.</li> <li>✚ Ordenar tres escenas temporalmente.</li> <li>✚ Ter un vocabulario axeitado para a súa idade.</li> <li>✚ Pronunciar as palabras do seu vocabulario habitual cunha correcta articulación.</li> </ul>

**HÁBITOS E ACTITUDES**

- ✚ Expresar autonomamente sentimentos, desexos e emocións.
- ✚ Mostrar confianza e seguridade en si mesmo.
- ✚ Aceptar as pequenas frustracións.
- ✚ Mostrar actitudes básicas de coidado, alimentación, descanso e hixiene.
- ✚ Respetar os espazos do contorno inmediato.
- ✚ Adaptarse con facilidade aos cambios nos ritmos e as rutinas escolares.
- ✚ Compartir os obxectos que descobre na clase.
- ✚ Intégrarse e adaptarse ao seu grupo de iguais.
- ✚ Mostrar interese e iniciativa nas actividades escolares.
- ✚ Manter unha actitude colaboradora e atenta nas actividades.
- ✚ Aceptar as normas dos xogos.
- ✚ Respetar as creacións e obxectos dos seus compañeiros.
- ✚ Pedir axuda ao mestre ou á mestra cando o necesita.
- ✚ Mostrarse cada vez máis autónomo respecto aos adultos que o rodean.

- ✚ Realizar trazos sinxelos sen dificultade.
- ✚ Identificar o propio nome.
- ✚ Empregar o recorte e o rachado de forma axeitada.
- ✚ Diferenciar auditivamente sons fortes e frouxos.
- ✚ Expresar a través do corpo emocións e contos.

**HÁBITOS E ACTITUDES**

- ✚ Amosar confianza nas súas posibilidades para rematar as tarefas.
- ✚ Aceptar e cumprir pequenas responsabilidades.
- ✚ Resolver pequenos conflitos de maneira autónoma.
- ✚ Amosar interese e iniciativa nas actividades.
- ✚ Comprender as normas de comportamento da aula.
- ✚ Realizar con autonomía as rutinas e outras actividades diarias.
- ✚ escoitar con atención narracións e explicacións axeitadas á idade.
- ✚ Colaborar para ordenar e recoller os obxectos da aula.
- ✚ Adaptar o seu comportamento ás necesidades manifestadas polos seus compañeiros.
- ✚ Relacionarse axeitadamente con todos os compañeiros da aula.
- ✚ Empregar as convencións sociais máis axeitadas a cada persoa e situación.

## CRITERIOS DAS AVALIACIÓNS TRIMESTRAIS

<b>1º TRIMESTRE.</b>	
<b>4º EDUCACIÓN INFANTIL</b>	<b>5º EDUCACIÓN INFANTIL</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Formar unha imaxe persoal axustada e positiva.</li> <li>○ Participar en xogos, amosando destrezas motrices e habilidades manipulativas</li> <li>○ Identificar e regular os sentimentos e as emocións.</li> <li>○ Realizar autonomamente e con iniciativa as actividades habituais para satisfacer necesidades básicas.</li> <li>○ Identificar cambios naturais que afectan á vida das persoas.</li> <li>○ Identificar e coñecer os grupos sociais máis significativos do seu contorno, algunhas características da súa organización e os principais servizos comunitarios que ofrece.</li> <li>○ Identificar os atributos e as calidades de elementos para establecer relacións de agrupamento, orde e clasificación.</li> <li>○ Utilizar o reconto como estratexia de estimación.</li> <li>○ Utilizar de forma progresiva un léxico variado con boa pronunciación e con crecente precisión en oracións.</li> <li>○ Empregar as normas que rexen o intercambio lingüístico.</li> <li>○ Diferenciar entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.</li> <li>○ Utilizar a linguaxe escrita cunha finalidade real, tendo en conta as convencións do sistema da lingua escrita.</li> <li>○ escoitar e comprender distintos xéneros textuais tanto tradicionais coma contemporáneos.</li> <li>○ Inicialse nas novas tecnoloxías.</li> <li>○ Interpretar e valorar obras plásticas do contorno.</li> <li>○ Realizar obras plásticas persoais empregando distintos materiais e técnicas.</li> <li>○ escoitar obras musicais do contorno.</li> <li>○ Explorar as posibilidades sonoras da voz, do</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Formarse unha imaxe persoal axustada e positiva.</li> <li>○ Coñecer o propio corpo e algunha das funcións dos seus órganos, adquirindo maior coordinación nos seus movementos.</li> <li>○ Realizar autonomamente actividades habituais e tarefas sinxelas para resolver problemas da vida cotiá.</li> <li>○ Identificar e regular os sentimentos e as emocións.</li> <li>○ Realizar autonomamente e con iniciativa actividades habituais para satisfacer necesidades básicas.</li> <li>○ Identificar cambios naturais que afectan á vida das persoas.</li> <li>○ Discriminar obxectos e elementos da contorna inmediata.</li> <li>○ Identificar e coñecer grupos sociais significativos da contorna e algunhas características da súa organización.</li> <li>○ Identificar os atributos e calidades de elementos para establecer relacións de agrupamentos e clasificacións.</li> <li>○ Coñecer e valorar algúns xestos que identifican a propia cultura e outras presentes na contorna.</li> <li>○ Discriminar e comparar algunhas magnitudes: grande-mediano-pequeno, alto-baixo, longo-curto.</li> <li>○ Cuantificar coleccións mediante o uso da serie numérica (1-4)</li> <li>○ Ordenar elementos e coleccións segundo distintas calidades.</li> <li>○ Identificar formas planas e tridimensionais en elementos da contorna: círculo, cadrado e triángulo.</li> <li>○ Empregar progresivamente un léxico variado con boa pronuncia e con crecente precisión en oracións.</li> <li>○ Diferenciar entre as formas escritas e outras formas da expresión gráfica.</li> <li>○ Empregar a linguaxe escrita cunha finalidade real,</li> </ul>

<p>propio corpo e de obxectos cotiás.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Explorar as posibilidades expresivas do corpo.</li> </ul>	<p>tendo en conta as convencións do sistema da lingua escrita.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ escoitar e comprender distintos xéneros textuais.</li> <li>○ Amosar interese pola aprendizaxe dunha lingua estranxeira.</li> <li>○ Iniciar nas novas tecnoloxías.</li> <li>○ Realizar obras plásticas persoais empregando distintos materiais e técnicas.</li> <li>○ Interpretar e valorar obras plásticas da contorna.</li> <li>○ Explorar as posibilidades sonoras da voz, do propio corpo e de obxectos cotiás.</li> <li>○ Explorar as posibilidades expresivas do corpo.</li> </ul>
<b>2º TRIMESTRE.</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Nomear e recoñecer distintas partes do corpo.</li> <li>○ Identificar os órganos dos sentidos e as súas principais funcións.</li> <li>○ Identificar e expresar os propios sentimentos, necesidades e preferencias.</li> <li>○ Adquirir hábitos relacionados coa hixiene, a saúde e o coidado dos espazos do contorno.</li> <li>○ Resolver con autonomía adecuada á súa idade algunhas actividades da vida cotiá.</li> <li>○ Recoñecer os cambios que se producen no contorno por fenómenos do medio e as estacións.</li> <li>○ Identificar formas de ocio e entretemento no tempo libre relacionándose con nenos e nenas da súa idade.</li> <li>○ Coñecer os servizos comunitarios que ofrece o contorno onde se vive e o seu papel na sociedade. Recoñecer algúns sinais de identidade cultural do contorno.</li> <li>○ Identificar os atributos e calidades de elementos para establecer relacións de agrupamentos, orde e clasificación.</li> <li>○ Utilizar o reconto como estratexia de estimación.</li> <li>○ Situar a si mesmo e colocar obxectos no espazo.</li> <li>○ Identificar formas xeométricas en obxectos do contorno.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Nomear e recoñecer distintas partes do corpo.</li> <li>○ Identificar órganos dos sentidos e as súas funcións principais.</li> <li>○ Identificar os cambios físicos propios e a súa relación co paso do tempo.</li> <li>○ Coñecer as propias posibilidades e limitacións, manifestando interese por melloralas.</li> <li>○ Adquirir hábitos relacionados coa alimentación, a hixiene, a saúde e o coidado dos espazos e do contorno.</li> <li>○ Participar en xogos, amosando destrezas motoras e habilidades manipulativas.</li> <li>○ Identificar e expresar os propios sentimentos, necesidades, gustos e preferencias.</li> <li>○ Amosar unha progresiva autonomía persoal na realización de actividades cotiás.</li> <li>○ Recoñecer os cambios climáticos que se producen na contorna e as súas consecuencias.</li> <li>○ Identificar formas de lecer e entretemento no tempo libre relacionándose cos nenos e nenas da súa idade.</li> <li>○ Amosar actitudes de coidado e respecto cara a natureza.</li> <li>○ Coñecer as necesidades, ocupacións e servizos na vida da comunidade.</li> <li>○ Recoñecer algúns acenos de identidade cultural da contorna.</li> <li>○ Comprender o funcionamento e as propiedades de obxectos e materiais presentes na contorna.</li> <li>○ Identificar o papel das tecnoloxías na vida cotiá.</li> </ul>



<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Utilizar de forma progresiva un léxico variado con boa pronunciación e con crecente precisión en oracións.</li> <li>○ Empregar as normas que rexen o intercambio lingüístico.</li> <li>○ Diferenciar entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.</li> <li>○ Utilizar a linguaxe escrita cunha finalidade real, tendo en conta as convencións do sistema da lingua escrita.</li> <li>○ escoitar e comprender distintos xéneros textuais tanto tradicionais coma contemporáneos. Iniciarse no manexo do ordenador.</li> <li>○ Interpretar e valorar obras plásticas do contorno.</li> <li>○ Realizar obras plásticas persoais empregando distintos materiais e técnicas.</li> <li>○ escoitar obras musicais do contorno.</li> <li>○ Explorar as posibilidades sonoras de instrumentos musicais.</li> <li>○ Explorar as posibilidades expresivas do corpo.</li> </ul>	<p>das persoas.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Empregar o reconto como estratexia de estimación. (1-6)</li> <li>○ Resolver sinxelos problemas matemáticos na vida cotiá.</li> <li>○ Identificar formas xeométricas en obxectos do contorno. (círculo, cadrado, triángulo e rectángulo).</li> <li>○ Iniciarse na estimación e medida do tempo.</li> <li>○ Explorar as calidades dos obxectos.</li> <li>○ Identificar os atributos e calidades de elementos para establecer relacións de agrupamentos, orde e clasificación.</li> <li>○ Desenvolver habilidades lóxico-matemáticas.</li> <li>○ Empregar de forma progresiva un léxico variado con boa pronuncia e crecente precisión en oracións.</li> <li>○ Empregar as normas que rexen o intercambio lingüístico.</li> <li>○ Diferenciar entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.</li> <li>○ Coñecer as propiedades das palabras.</li> <li>○ escoitar e comprender distintos xéneros textuais.</li> <li>○ Amosar interese pola aprendizaxe dunha lingua estranxeira.</li> <li>○ Iniciarse no manexo do ordenador.</li> <li>○ Realizar obras plásticas empregando distintos materiais e técnicas.</li> <li>○ Explorar as posibilidades sonoras de instrumentos musicais.</li> <li>○ Interpretar e valorar obras plásticas do contorno.</li> <li>○ escoitar obras musicais do contorno.</li> <li>○ Explorar as posibilidades expresivas do corpo.</li> </ul>
--	---

**3º TRIMESTRE.**

<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Nomear e recoñecer distintas partes do corpo.</li> <li>○ Identificar os órganos dos sentidos e as súas principais funcións.</li> <li>○ Identificar e expresar os propios sentimentos, necesidades e preferencias.</li> <li>○ Adquirir hábitos relacionados coa hixiene, a saúde e o coidado dos espazos do contorno.</li> <li>○ Resolver con autonomía adecuada á súa idade algunhas actividades da vida cotiá.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Coñecer e representar o propio corpo controlando cada vez con maior precisión xestos, movementos e posicións.</li> <li>○ Identificar os órganos dos sentidos e as súas principais funcións.</li> <li>○ Identificar e expresar os propios sentimentos, necesidades, gustos e preferencias.</li> <li>○ Adquirir hábitos relacionados coa hixiene, a saúde e o coidado dos espazos do contorno.</li> </ul>
---	--

- |  |   |
|--|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Recoñecer os cambios que se producen no contorno por fenómenos do medio e as estacións.</li> <li>○ Identificar e nomear algúns dos compoñentes do medio natural, establecendo relacións sinxelas de interdependencia.</li> <li>○ Manifestar actitudes de coidado e respecto cara á natureza, e participar en actividades para conserva-la</li> <li>○ Identificar formas de ocio e entretemento no tempo libre relacionándose con nenos e nenas da súa idade.</li> <li>○ Coñecer os servizos comunitarios que ofrece o contorno onde se vive e o seu papel na sociedade.</li> <li>○ Recoñecer algúns sinais de identidade cultural do contorno.</li> <li>○ Identificar os atributos e calidades de elementos para establecer relacións de agrupamentos, orde e clasificación.</li> <li>○ Utilizar o reconto como estratexia de estimación.</li> <li>○ Situar-se a si mesmo e obxectos no espazo.</li> <li>○ Identificar formas xeométricas en obxectos do contorno.</li> <li>○ Utilizar de forma progresiva un léxico variado con boa pronunciación e con crecente precisión en oracións.</li> <li>○ Empregar as normas que rexen o intercambio lingüístico.</li> <li>○ Utilizar a linguaxe escrita cunha finalidade real, tendo en conta as convencións do sistema da lingua escrita.</li> <li>○ escoitar e comprender distintos xéneros textuais tanto tradicionais coma contemporáneos Iniciar-se no manexo do ordenador.</li> <li>○ Interpretar e valorar obras plásticas do contorno.</li> <li>○ Realizar obras plásticas persoais empregando distintos materiais e técnicas. escoitar obras musicais do contorno.</li> <li>○ Explorar as posibilidades sonoras da voz, do</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Resolver con autonomía algunhas actividades da vida cotiá.</li> <li>○ Identificar e nomear algúns dos compoñentes do medio natural, establecendo relacións sinxelas e interdependencia.</li> <li>○ Manifestar actitudes de coidado e respecto da natureza e participar en actividades para conserva-la.</li> <li>○ Coñecer as necesidades e servizos na vida da comunidade.</li> <li>○ Recoñecer os cambios que se producen no medio polo paso das estacións.</li> <li>○ Empregar o reconto como estratexia de estimacións (1-6) (1º, 2º, 3º).</li> <li>○ Identificar formas xeométricas en obxectos da contorna.</li> <li>○ Identificar os atributos e calidades de elementos para establecer relacións de agrupamento, orde e clasificación.</li> <li>○ Empregar un léxico variado con boa pronuncia e con crecente precisión en oracións.</li> <li>○ Empregar as normas que rexen os intercambio lingüístico.</li> <li>○ Amosar interese pola aprendizaxe dunha lingua estranxeira.</li> <li>○ Inciarse nas novas tecnoloxías.</li> <li>○ Realizar obras plásticas con creatividade.</li> <li>○ Explorar as posibilidades sonoras da voz, do corpo e obxectos cotiás.</li> <li>○ Explorar posibilidades sonoras de instrumentos musicais.</li> <li>○ Explorar e empregar creativamente as posibilidades expresivas do corpo.</li> </ul> |
|--|---|

<p>propio corpo e de obxectos cotiáns.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Explorar as posibilidades sonoras de instrumentos musicais.</li> <li>○ Explorar as posibilidades expresivas do corpo.</li> </ul>	
--	--

### CRITERIOS DAS AVALIACIÓN FINAL DE NIVEL

4º EDUCACIÓN INFANTIL	5º EDUCACIÓN INFANTIL
<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Coñecer algúns elementos e segmentos que forman o corpo.</li> <li>✓ Identificar algunhas características persoais.</li> <li>✓ Desenvolver progresivamente a súa autoestima e a confianza en si mesmo/a.</li> <li>✓ Controlar progresivamente as posibilidades motrices e posturais do corpo.</li> <li>✓ Adquirir hábitos relacionados coa hixiene e coa alimentación.</li> <li>✓ Mellorar na coordinación óculo-manual.</li> <li>✓ Respecta-los sentimentos, emocións, necesidades, preferencias... dos demais.</li> <li>✓ Utilizar nocións básicas de orientación espacial.</li> <li>✓ Controla-las necesidades básicas do corpo.</li> <li>✓ Desenvolver estratexias para satisfacer-las súas necesidades básicas.</li> <li>✓ Adquirir hábitos relacionados co coidado da saúde.</li> <li>✓ Adquirir hábitos de respecto, de axuda e de colaboración.</li> <li>✓ Valorar, respectar e aceptar-las diferenzas.</li> <li>✓ Distinguir sensacións do corpo.</li> <li>✓ Participar en actividades cotiáns.</li> <li>✓ Adquirir hábitos elementais de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo.</li> <li>✓ Identificar cambios que se producen no medio relacionados co clima.</li> <li>✓ Diferenciar e manipular obxectos.</li> <li>✓ Amosar destrezas e habilidades manipulativas nos xogos.</li> <li>✓ Coñecer algunhas características da súa casa, da súa familia e da escola.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Identifica a propia imaxe corporal e as súas características máis destacadas.</li> <li>✓ Recoñece as partes principais do corpo.</li> <li>✓ Valórase a si mesmo e aos demais.</li> <li>✓ Mostra confianza nas súas propias capacidades.</li> <li>✓ Establece vínculos fluídos e equilibrados de relación cos demais.</li> <li>✓ Practica hábitos básicos de hixiene, vestido, nutrición e prevención de accidentes.</li> <li>✓ Oriéntase e actúa autonomamente nos espazos cotiáns.</li> <li>✓ Realiza distintos desprazamentos con harmonía e axilidade.</li> <li>✓ Realiza actividades que requiren control visomanual preciso.</li> <li>✓ Manipula obxectos correntes con precisión e autonomía.</li> <li>✓ Mostra interese por comunicarse, manifestar as súas opinións, desexos, necesidades, etc.</li> <li>✓ Participa activamente nas actividades e xogos de grupo e individuais.</li> <li>✓ Coñece e respecta as normas de comportamento na casa, na aula e na rúa.</li> <li>✓ Establece relacións respectuosas e afectivas con outros nenos e nenas.</li> </ul>

- |   |   |
|---|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Ser cada vez máis autónomo/a.</li> <li>✓ Coñecer profesións e medios de transportes do seu medio.</li> <li>✓ Identificar propiedades dos obxectos.</li> <li>✓ Clasificar e ordenar elementos segundo semellanzas e diferenzas sinxelas.</li> <li>✓ Resolve-las situacións conflitivas que aparecen na vida cotiá.</li> <li>✓ Coñecer algúns sinais de identidade doutras culturas presentes no seu medio.</li> <li>✓ Distinguir características de animais e de plantas.</li> <li>✓ Comunicarse a través da linguaxe oral.</li> <li>✓ Expresar sentimentos, necesidades, intereses, desexos..., mediante a lingua oral e a través doutras linguaxes.</li> <li>✓ Aumentar progresivamente o seu vocabulario.</li> <li>✓ Utiliza-las normas establecidas para saudar e despedirse.</li> <li>✓ Ler e interpretar imaxes.</li> <li>✓ Coñecer algúns instrumentos da lingua escrita.</li> <li>✓ Amosar interese polos textos de literatura infantil: contos clásicos, poemas, adiviñas..., lidos na clase.</li> <li>✓ Amosar unha actitude positiva cara á lingua estranxeira.</li> <li>✓ Iniciarse en trazos libres e dirixidos.</li> <li>✓ Iniciarse na comprensión e na interpretación de textos.</li> <li>✓ Coñece-los tres primeiros cardinais.</li> <li>✓ Identifica-lo círculo, o triángulo e o cadrado.</li> <li>✓ Adquirir nocións cuantitativas básicas e de orientación espacial e temporal.</li> <li>✓ Iniciarse na formación de series.</li> <li>✓ Describir obxectos.</li> <li>✓ Utiliza-la serie numérica para contar.</li> <li>✓ Empregar recursos e técnicas da expresión plástica.</li> <li>✓ Discriminar sons.</li> <li>✓ Iniciarse no uso dalgúns instrumentos</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Mostra interese por coñecer outras culturas.</li> <li>✓ Recoñece algúns animais e plantas do contorno.</li> <li>✓ Discrimina algúns alimentos de orixe vexetal e animal.</li> <li>✓ Manifesta hábitos de responsabilidade e coidado dos animais e as plantas.</li> <li>✓ Identifica os cambios naturais ligados ás distintas estacións.</li> <li>✓ Identifica e traza os números do 0 ao 6.</li> <li>✓ Asocia os números do 0 ao 6 coas súas cantidades correspondentes.</li> <li>✓ Realiza series numéricas do 1 ao 6, ascendentes e descendentes.</li> <li>✓ Recoñece e utiliza os ordinais 1.º, 2.º e 3.º.</li> <li>✓ Utiliza nocións espazo-temporais para describir feitos, acontecementos e vivencias.</li> <li>✓ Resolve sumas sinxelas.</li> <li>✓ Discrimina e traza o círculo, o cadrado, o triángulo, o rectángulo, o óvalo e o rombo.</li> <li>✓ Ordena secuencias temporais.</li> <li>✓ Exprésase oralmente con diversas intencións comunicativas.</li> <li>✓ Emprega un vocabulario axustado á súa idade.</li> <li>✓ Pronuncia e articula de forma correcta as palabras que coñece.</li> <li>✓ Utiliza oracións completas para expresarse.</li> <li>✓ Escribe o seu nome.</li> <li>✓ Realiza correctamente os trazos propostos.</li> <li>✓ Comprende e reproduce correctamente contos, poemas e adiviñas.</li> <li>✓ Mostra interese polos textos escritos.</li> </ul> |
|---|---|

<p>tecnolóxicos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Expresarse e comunicarse utilizando medios e técnicas propias da linguaxe audiovisual e das novas tecnoloxías da información e da comunicación.</li> <li>✓ Utiliza-lo corpo para manifestar sentimentos e emocións.</li> <li>✓ Coñece-la gama de cores primarias.</li> <li>✓ Participar na interpretación e na representación de cancións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Comprende o argumento de narracións e contos.</li> <li>✓ Comprende o significado global de palabras e expresións nunha lingua estranxeira.</li> <li>✓ Utiliza adecuadamente os medios audiovisuais e tecnolóxicos.</li> <li>✓ Identifica as posibilidades dos medios audiovisuais como fonte de información e diversión.</li> <li>✓ Utiliza diversos materiais e técnicas para a realización de traballos artísticos.</li> <li>✓ Afianzou as destrezas manuais necesarias para a creación de obras artísticas.</li> <li>✓ Discrimina visual e auditivamente instrumentos de vento e de percusión.</li> <li>✓ Distingue algunhas calidades do son: sons longos/curtos, agudos/graves, etc.</li> <li>✓ Canta, escoita e dramatiza cancións e audicións musicais.</li> <li>✓ Coñece e utiliza as posibilidades expresivas do corpo.</li> <li>✓ Participa en actividades de dramatización, danza e xogo simbólico.</li> <li>✓ Asume e cumpre pequenas responsabilidades.</li> <li>✓ Mostra iniciativa e responsabilidade no coidado do contorno.</li> <li>✓ Acepta pequenas frustracións.</li> <li>✓ Respecta as normas de comportamento en distintos espazos.</li> <li>✓ Participa nas distintas actividades colectivas da aula.</li> <li>✓ Acepta e valora as diferenzas físicas e</li> </ul>
---	--

	<p>culturais.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Atende ás explicacións dos demais e respecta a vez na quenda de palabra.</li> <li>✓ Respecta e coida os materiais propios e comúns.</li> <li>✓ Relaciónase con todos os compañeiros/as da aula.</li> </ul>
--	---

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE

- Grado de implicación dos nenos e do docente.
- Relación entre o docente e os alumnos.
- Grado de potenciación do traballo en equipo.
- Percíbese un ambiente de confianza, fluído, relaxado,...?
- Adecuación das actividades ao grupo-clase.
- Adecuación das propostas metodolóxicas
- Grado de participación das familias.
- A organización do tempo:
  - Foi flexible.
  - Respectáronse os ritmos xerais e particulares.
- A organización do espacio foi axeitada:
  - Favoreceu os desprazamentos
  - Favoreceu a autonomía
  - Favoreceu o intercambio de ideas
  - Fomentou o espírito de orde.
- Os materiais empregados:
  - Estaban ao alcance de todos.
  - Localizábanse visualmente con facilidade.
  - Resultaron educativos, motivadores, atractivos, suficientes, seguros,..

**PLAN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN**

As TICS están presentes na vida infantil e polo tanto requiren de tratamento educativo que inicie aos nenos na comprensión da linguaxe audiovisual e na utilización axeitado das mesmas. Durante este curso escolar continuaremos realizando o Proxecto de introducción das TICS en Educación Infantil. Iniciaremos os nenos e nenas no uso de diversos instrumentos tecnolóxicos (ordenador, reprodutores de imaxe e son,...) e no coñecemento de diferentes producións audiovisuais, tomando conciencia da necesidade de utilizalos moderadamente.

O ordenador é un medio que enriquece o contexto de aprendizaxe dos nenos e nenas xa que fai que o proceso de ensinanza sexa máis motivador. Así mesmo, posibilita a aprendizaxe por descubrimento, favorece o traballo en grupo, o desenvolvemento da curiosidade e, ademais, a realidade virtual que proporciona o ordenador potencia a capacidade de abstracción.

**Obxectivos:**

- Introducir aos nenos no mundo das novas TICS.
- Desenvolver a capacidade de traballar con outros compañeiros compartindo o ordenador.
- Visionar (ler) unha imaxe fixa illada e secuencial (diapositivas, historietas, láminas).
- Manipular a imaxe fixa (colorear, recortar, ordenar,...)
- Visionar (ler) a imaxe móbil (vídeo, DVD, cine)
- Producir imaxes móbiles.
- Aprender a ceder a esperar a quenda.
- Desenvolver a autonomía e a autoestima.
- Aprender de xeito ameno e entretido (contar, emparellar, asociar, colorear, ...)
- Integrar ao alumno en situacións culturais, sociais e económicas non vivenciadas.
- Apoiar a tarefa docente atendendo aos diferentes ritmos de aprendizaxe dos alumnos.
- Contribuír a paliar as desigualdades existentes entre o alumnado de educación infantil e educación primaria.
- Familiarizar ao alumnado coas TICS.

**Contidos:**

- Vocabulario relacionado coas TIC.
- Medios audiovisuais e a súa linguaxe.

- Imaxe fixa: diapositivas, historietas, láminas.
- Imaxe móbil: vídeo, DVD.
- Audicións: cassetes, discos.
- O ordenador e o vocabulario informático.
- Fotos
- Ademais, a través das TIC tamén traballaremos os contidos establecidos na programación de aula: cores, conceptos espaciais, números, sonse instrumentos musicais, números, cuantificadores, educación do trazo, figuras xeométricas,... realizaremos quebra cabezas.
- Tamén traballaremos a iniciación á lectoescritura, a través da introducción ás vogais para os nenos e nenas de tres anos e a identificación das vogais en debuxos e palabras que as conteñen para os de 4 anos.

### PLAN DE CONVIVENCIA

A Educación Infantil configúrase como un período decisivo para a formación da persoa xa que nesta etapa se asentan os fundamentos non só para unha sólida aprendizaxe das habilidades básicas, senón que tamén se adquiren, para o resto da vida, hábitos de traballo, convivencia ordenada e respecto cara ós demais.

Xunto á formación dun autoconceito positivo e a construción da súa propia identidade, debe estimularse a adquisición dos valores que se xeran na relación cos outros e co medio no proceso educativo, tales como respecta-los demais e os seus traballos, acepta-las normas, amosar interese por convivir e colaborar cos compañeiros e coas compañeiras e co adulto; así responderán progresivamente dun xeito cada vez máis adecuado ás situacións que se presentan.

A través da educación exercitaranse estes valores que fan posible a vida en sociedade, adquirense hábitos de convivencia democrática e de respecto, é dicir, prepáranse os nenos e as nenas para a participación responsable nas distintas actividades e instancias sociais.

Fomentar estas aprendizaxes implica, ante todo, proporcionarlle ó alumnado unha educación completa que abranxa os coñecementos e as competencias básicas que resultan necesarias na sociedade actual, que lles permita desenvolver os valores que sustentan a práctica da cidadanía democrática, a vida en común e a cohesión social, e que estimule neles e nelas o desexo de seguir aprendendo e a capacidade de aprender por si mesmos.



Un dos principais obxectivos básicos que perseguirmos é o de fomentar consciencias críticas, persoas capaces de pensar por sí mesmas. Deste xeito, concedémoslles grande importancia ás actividades de grupo:

1.- **Diálogos en asemblea**, de tal xeito que cada neno ou nena expoña libremente a súa opinión sobre un tema, partindo dun conto ou de calquera tipo de información subministrada polo profesor ou pola profesora, que coidará de que se respecten as quendas de palabra entre compañeiros e compañeiras.

2.- Realización de **actividades plásticas en pequenos grupos de traballo**. Este tipo de actividades axúdanlle ó neno e á nena a apreciar a importancia do traballo cooperativo para lograr un fin común.

Debemos ter presente que os contados traballados en relación coa convivencia son a manifestación dun sentimento e unha expresión de valores asumidos como positivos pola comunidade. Por isto, teraos en conta en todo momento, e mesmo creará situacións que propicien a súa posta en práctica. Así, por exemplo, o alumno ou a alumna aprenderá máis fácil e rapidamente a ter comportamentos non sexistas se na aula ou no centro impera unha relación non discriminatoria por razóns de sexo que se realiza longas charlas sobre o tema.

Desenvolveremos continuamente actitudes de compañeirismo, de respecto e de axuda ós demais, de orde e limpeza, de uso do diálogo, de rexeitamento da violencia e da agresividade, de coidado dos bens naturais, e fomentaremos un estilo de vida e comportamento cotián como aceptación deses valores que a sociedade necesita e establece como positivos para o seu bo funcionamento.

Os aspectos que fomentaremos son principalmente de tipo actitudinal e formarán parte das actividades presentadas em todas as áreas. Estes aspectos, para o curso actual céntranse en dous temas fundamentais:

1.- **Diálogo e respecto cara os demais**. Supón educar para a convivencia pacífica da cidadanía democrática. Foméntase a solidariedade, cooperación, liberdade, responsabilidade, respecto,... Para elo, realizaremos diferentes actividades, tales como:

- Establecer normas de convivencia na aula e no centro.

- Crear un clima de confianza no que os nenos e as nenas se expresen libremente.
- Fomenta-la tolerancia e o respecto polos demais.
- Resolver situacións conflitivas a través do diálogo.
- Outorgarlles responsabilidades ós nenos e ás nenas.
- Rexeita-los xogos, os xoguetes e as situacións que inciten á violencia.
- Promover actividades en grupo nas que se coopere, se respecte e se comparta

2.- **Todos somos iguais.** Tem como finalidade correxir as desigualdades que se nos ortorgan ao asignarnos dende pequenos roles diferentes en función do sexo. O que supón:

- Presentar unha distribución equitativa de personaxes masculinos e femininos.
- Propoñer unha distribución equitativa dos diferentes roles desempeñados por ámbolos dous sexos no ámbito familiar, escolar e profesional.
- Reflicir unha distribución equitativa dos trazos positivos e negativos entre ámbolos dous sexos.
- Rexeitar todo tipo de discriminación por razón de sexo.
- Analizar e denunciar a situación de marxinação e de desigualdade que historicamente sufriu e segue a sufri-la muller.
- Non facer distinción entre xogos masculinos e xogos femininos.
- Utilizar unha linguaxe non sexista.
- Asignar responsabilidades na aula indistintamente a nenos e nenas.
- Comentar a necesidade de que tanto os nenos como as nenas deben colaborar nas tarefas domésticas.
- Procurar que os espazos ou os recunchos da aula sexan utilizados indistintamente polos nenos e polas nenas.
- Narrar contos cambiando os papeis que tradicionalmente se lles asignaban ós homes e ás mulleres.

A educación en valores preséntase como un conxunto de contidos que interactúan en todas as áreas do currículo escolar e o seu desenvolvemento afecta á globalidade deste. Non se trata dun conxunto de ensinos autónomos, senón dunha serie de elementos da aprendizaxe sumamente globalizados, que deben impregnar a actividade docente e estar presentes na aula de forma permanente, xa que se refiren a problemas e preocupacións fundamentais da sociedade.

Entre os valores que teñen unha presenza máis relevante nesta etapa destacamos:

### **Educación moral e cívica**

Pretende o desenvolvemento moral da persoa, como parte fundamental da construción do autoconceito, así como educar para a convivencia no pluralismo mediante un esforzo formativo nos seguintes eixos de contidos:

- Autoestima, aceptación e confianza en si mesmo.
- Discriminación de comportamentos adecuados.
- Autocrítica: recoñecemento de erros, valoración da súa propia actuación.
- Responsabilidade, compromiso persoal.
- Regulación do propio comportamento, autocontrol.
- Defensa dos propios dereitos e opinións.
- Autonomía e iniciativa, planificación e secuencia da propia acción.
- Participación no grupo e no establecemento das normas.
- Respecto aos demais compañeiros e aos obxectos de uso común.
- Pautas de convivencia na escola e na familia.
- Axuda e colaboración cos seus iguais e os adultos.
- Interese por compartir amizades, obxectos, atención, etc.
- Uso de normas lingüísticas nos diálogos e conversacións en grupo.
- Interese por comunicarse cos demais.
- Expresión do afecto e dos sentimentos.

### **Educación para a paz**

O obxectivo é que o neno e a nena comprendan que a construción da paz é tarefa de todos. Igual que sucede cos conflitos cotiáns, moitas veces o odio entre os pobos é froito do

descoñecemento e a falta de comunicación, e o mellor xeito de superar estes problemas é o diálogo e o respecto á diversidade. Os obxectivos e contidos deste eixo están relacionados con:

- Resolución pacífica e progresivamente autónoma de conflitos.
- Utilización da linguaxe para resolver conflitos e aprender a dialogar.
- A non-violencia: actitude crítica fronte á cultura bélica que se transmite a través dos xoguetes, debuxos animados, xogos informáticos, películas...
- Coñecemento e valoración das diferenzas, evitando situacións de discriminación con respecto a sexo, etnia, cultura, profesións, clase social...
- Coñecemento e respecto doutras realidades, costumes e formas de vida.

### **Educación para a saúde**

O obxectivo é que o neno adquira coñecementos relacionados con coidados persoais (hixiene e saúde), alimentación e nutrición, educación sexual, prevención de accidentes e educación viaria.

### **Educación ambiental**

Centraremos no descubrimento do medio natural e no desenvolvemento de actitudes favorables para protexelo e conservalo:

- Sensibilización polos problemas ambientais.
- Hábitos de protección e coidado do medio.
- Respetto, valoración e implicación no mantemento do medio.
- Hábitos de protección e coidado de animais e plantas.
- Normas de utilización dos espazos urbanos.

### **Educación do consumidor**

A educación para o consumo responsable parte da reflexión sobre as actitudes dos nenos e nenas, que deben empezar a distinguir entre aquilo que realmente necesitan (a roupa, a comida, o transporte, etc.) e aquilo do que poden prescindir facilmente. Expóñense, entre outros, estes contidos:

- O consumo responsable.
- Os xoguetes e o material escolar.
- A reciclaxe e a reutilización de materiais.
- A valoración crítica da publicidade...

**Educación non sexista**

Preséntase a muller en situacións iguais ás do home, tanto no ámbito da escola coma no do traballo e noutros contextos cotiáns, mediante un esforzo formativo nos seguintes eixes de contidos:

- A expresión dos sentimentos e emocións en ambos os sexos.
- Construción dun autoconceito adecuado, evitando a asignación de roles, estereotipos, valores e comportamentos sexistas.
- Identificación e valoración da existencia de diferentes modelos de familia, evitando unha asignación previa de roles na repartición de tarefas.
- Aceptación e desenvolvemento por ambos os sexos de valores tradicionalmente considerados femininos (afectividade, sensibilidade, cooperación...) ou masculinos (tipo de actividade, autonomía, competitividade...).
- Cooperación e participación dos alumnos, independentemente do seu sexo, nas tarefas cotiáns do fogar, na medida das súas posibilidades.
- Valoración do uso non-sexista dos xoguetes, desenvolvendo actividades de xogo compartidas e evitando a dicotomía entre xogos de nenos e xogos de nenas. Por outra banda, utilízase unha linguaxe coeducativa.



DIANA MARÍA SÁNCHEZ SÁNCHEZ  
4ºº - 5ºº EDUCACIÓN INFANTIL  
CURSO 2021-2022  
CPI PONTECARREIRA - FRADES  
10 DE SEPTIEMBRE DE 2021